

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO DÍA 23 DE DECEMBRO DE 2014

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas do día vinte e tres de decembro de dous mil catorce, baixo a presidencia do señor alcalde don Manuel Rivas Caridad, reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, a Corporación municipal en Pleno.

Faise constar que esta sesión ten lugar con carácter supletorio da correspondente ao día 25 de decembro de 2014, isto á vista de que na sesión conxunta das comisións informativas do día 25 de novembro de 2014, os vinte concelleiros asistentes á sesión amosaron a súa conformidade en modificar a data de celebración da sesión ordinaria do Pleno da Corporación do mes de decembro.

Asisten os señores concelleiros dona M^a Jesús González Roel, don Felipe Andreu Barallobre, dona Rocío Vila Díaz, don Fernando Caride Suárez, dona Marta M^a Vázquez Golpe e don Santiago Manuel Ríos Rama, do PP; don Augusto Rey Moreno, don José Manuel Lemos Seoane, dona Margarita Iglesias Pais, don Jesús Bao Bouzas e dona María Luisa Sanjurjo Cacheiro, do PSdeG-PSOE; don Óscar Alfonso García Patiño, dona Elisa Pestonit Barreiros e dona M^a Eugenia Mantiñán Méndez, de UniónxCambre; don Luis Miguel Taibo Casás e dona M^a Olga Santos López, de EU; dona M^a Victoria Amor Prieto e don Daniel Carballada Rodríguez, do BNG; e integrando o Grupo Mixto, don José Antonio Baamonde López, de Progresistas de Cambre e don Manuel Marante Gómez, do Partido Galeguista Demócrata.

Asisten don Francisco Javier Ulloa Arias, interventor, e dona M^a Luisa de la Red Ampudia, secretaria xeral da Corporación.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. Aprobación, se procede, dos borradores das actas correspondentes á sesión ordinaria do día 31 de xullo de 2014 e á sesión ordinaria do día 11 de setembro de 2014

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación aos borradores das actas correspondentes á sesión ordinaria do día 31 de xullo de 2014 e á sesión ordinaria do día 11 de setembro de 2014.

Non se formulan alegacións polo que a Corporación, por unanimidade dos concelleiros que están hoxe presentes e que asistiron ás citadas sesións, vinte concelleiros na sesión ordinaria do día 31 de xullo de 2014 (sete concelleiros do PP, cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, tres concelleiros de UxC, dous concelleiros de EU, un concelleiro do BNG, o concelleiro de PdeC e o concelleiro do PGD) e dezanove concelleiros na sesión ordinaria do día 11 de setembro de 2014 (seis concelleiros do PP, cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, tres concelleiros de UxC, dous concelleiros de EU, un

concelleiro do BNG, o concelleiro de PdeC e o concelleiro do PGD) aproba os citados borradores.

2. PARTE RESOLUTIVA

2.1. Aprobación, se procede, da Conta Xeral correspondente ao exercicio económico 2013

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Especial de Contas o día 13 de novembro de 2014.

Vista a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo do día 18 de decembro de 2014.

Concedida a palabra a dona Margarita Iglesias Pais, concelleira do PSdeG-PSOE, manifesta que presentan hoxe a última Conta Xeral da lexislatura, e ela, persoalmente, agarda que sexa a última do seu Goberno. Pero por ser a última Conta Xeral cre que é necesario facer un balance do mandato no que a este aspecto da xestión municipal se refire.

Vai empezar falando de eficacia, de eficacia política, é dicir, maior ou menor grao de éxito na consecución dos obxectivos que un se propón. Pois ben, iniciaron a lexislatura cunha incualificable moción presentada polo PP, moción a través da cal se criticaba ao equipo anterior de goberno, levantando sombras de sospeita sobre a súa xestión, e na que, pretendendo facer un alarde de transparencia e honradez, propoñían iniciar unha sorte de procedemento a instancia de parte ante o Consello de Contas, presentándose o Concello de Cambre voluntario á fiscalización dese organismo.

A moción era incualificable polo torcido da intención, ao fin e ao cabo a non presentación en prazo da Conta do 2010 xa formaba parte da xestión deste novo equipo de goberno, e polo sorprendente descoñecemento do funcionamento do Consello de Contas, que actúa sempre de oficio e nunca a petición de parte.

No debate daquela moción, o Goberno municipal, tras criticar que non se tivera presentado nunca a Conta en prazo, facía o firme propósito de xestionar mellor e presentar as contas en prazo. Non o conseguiron coa do 2010, tampouco coa do 2011, a do 2012 presentouse polos pelos. Vese que tras iso o Goberno municipal, extasiado ou cansado, entende poder xustificar a súa actuación e preséntalles a do 2013 en decembro do 2014 para a súa aprobación, facendo a este concello merecedor do dubidoso honor de ser o único concello de toda a provincia que a día de hoxe non ten remitido aínda a Conta ao Consello de Contas, xunto con Fisterra. Fisterra e Cambre son os únicos concellos que non teñen remitido a Conta ao Consello de Contas.

Se tiveran que poñer unha nota á xestión do Goberno no que ás contas xerais se refire, o resultado sería un sonoro suspenso. Despois de case catro anos de mandato non lles serve de xustificante a apostila que ano tras ano incorpora o interventor ao seu informe, respecto da acumulación de tarefas e a crónica falta de persoal e falta de medios persoais e materiais, pois esa tamén é unha manifestación patente da

incompetencia do Goberno.

Respecto da liquidación do orzamento, en primeiro lugar, en relación co gasto hai que dicir que, aínda que houbo un aumento do grao de execución do orzamento respecto do ano anterior, situándose no 82,35% do total do estado de gastos, preocúpalles, non obstante, as razóns polas que aínda existe un 18% que non foi executado, e máis aínda as razóns polas que se mantén unha porcentaxe próxima ao 20% sen executar. Hai partidas das que non se ten executado practicamente nin un euro.

O investimento, tanto en cómputo xeral como o investimento por habitante, ten caído en torno a un 20%, pasando este último, o investimento por habitante, de 102 a 129,21 euros por habitante e, aínda que é certo que ambas magnitudes melloran se non teñen en conta o Plan Arume, ao seu grupo o que lle preocupa é precisamente o feito de que finalice o Plan Arume, que o actual Goberno herdou, e que supuxo un grande investimento para este concello, e fronte ao que eles non teñen, polo que parece, ningunha alternativa.

O gasto total por habitante reduciuse un 2,98%, mentres que a presión fiscal tense mantido en idénticas magnitudes. A consecuencia é que os cidadáns pagan máis e, polo tanto, obteñen menos.

Respecto do estado de ingresos preocúpanlles especialmente dúas cousas. Os recursos obtidos da Deputación da Coruña por transferencias correntes ascenden a 450.575,76 euros, e as de capital a 590.849,36. A contía destes recursos, o din alto e claro, parécelles escasa. É certo que se o comparan coa Conta do 2012 houbo un aumento dun 29%, pero a comparativa entenden que non debe facerse con eles mesmos, senón cos recursos obtidos por outros concellos, e máis aínda se teñen en conta que o Sr. alcalde é deputado provincial e o da Deputación é un goberno amigo.

E falando de gobernos amigos, a Xunta de Galicia inviste neste concello nada máis que o xusto e necesario, como xa denunciaron no seu momento no debate de orzamentos.

Continúa dicindo que comezaba a súa intervención falando de eficacia, e pide que lle permitan agora que valore a súa xestión económica. No debate da primeira Conta Xeral correspondente á xestión do Goberno anterior, comprometéronse a reducir os informes de reparo. Pois ben, dende o inicio da súa xestión eses informes non fixeron máis que aumentar ano tras ano. Este ano teñen aumentado, segundo o informe do propio interventor, un 13% respecto do ano anterior, e representan xa o 16,22% do total do orzamento de gastos.

A pesar dos seus alardes en transparencia, seguen concedéndose subvencións mediante achegas de bens ou pagos de servizos á marxe de todo procedemento, ata 31.250 euros. Séguense realizando obras á marxe do procedemento establecido e, no ámbito dos servizos, o importe total das facturas con reparo ten aumentado en máis de medio millón de euros, concretamente en 591.344 euros, situándose na actualidade o total dos gastos realizados con reparo nese ámbito en 1.764.585,19 euros, sen contar os reparos en servizos públicos.

Os servizos que se viñan prestando á marxe da legalidade continúan, tras os seus catro anos de goberno, presentándose da mesma maneira. Outros teñen sufrido reparos debido, única e exclusivamente, á súa xestión.

Por último, pídelles que deixen que manifeste a súa preocupación pola xestión que se realiza en materia de ingresos. Pide que lle permitan que lles lembre que este concello aínda non ten ingresado, como así consta no informe que presenta Intervención, e como así se ten denunciado dende o seu e outros grupos, ingresos en materia do Festival Brincadeira en Cambre. Tamén lles preocupa que en materia de ingreso corrente non exista persoal efectivo dedicado á xestión tributaria municipal. Esta circunstancia tamén parte da súa deficiente xestión. Parécelles que renunciaron á falta de moderación deste concello, non saben se é por falta de capacidade, de vontade, ou de ambas.

Conclúe dicindo que o seu grupo vai votar a prol da Conta, pero acolléndose ao que recolle a lei, que o voto a prol unicamente determina posibilitar que a Conta chegue canto antes ao Tribunal de Contas. En ningún caso, queren deixalo por escrito, significa que estean de acordo, e que sexa un voto de aprobación á presentación que se fixo e á xestión que se fixo a través desta Conta.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que o seu grupo vaise abster.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López, concelleira de EU, manifesta que un ano máis atópanse ante a aprobación dunha Conta relativa a uns orzamentos nos que nin estiveron presentes na súa elaboración, nin na súa configuración, nin na súa aprobación. Un ano máis os membros do equipo de goberno están aquí sentados despois de, supón, tomarse dúas tilas e saber que durante media hora lles vai caer unha chaparrada do que non queren saber nada, e que o único que deben conseguir, e supón tamén que así sairán concienciados da casa, é amosarse aí sentados, impertérritos, mentres pensan a ver se rematan pronto este punto e pasan a outro.

Un ano máis o grupo de EU vai votar en contra da aprobación da Conta Xeral e, un ano máis, van explicar o por que. Van explicalo, ademais, porque ao mellor, aínda que xa sexa soamente por desgaste e a costa de escoitar ano tras ano, unha e outra vez o mesmo, pode ser que lles quede unha neurona que pense por si mesma e se salve do adoutramento ao que están sometidas as outras, vexan a luz, e consigan entender o que están intentando transmitir xa vai para catro anos.

Cando o actual Goberno colleu este concello había en Cambre, como exemplo, 1900 parados, hoxe 2100. Non lles permiten que digan aos veciños que lles preocupa a súa situación e que se investiu de xeito suficiente en emprego ou en políticas sociais, porque os resultados están á vista, e non o din eles, dino os números. O problema é que si que se investiron cartos nesas partidas, e o que demostra é que son eles os peores xestores que pode haber en Cambre, porque ano tras ano ven que as políticas económicas que levan a cabo ven que non fan que mellore a situación dos veciños, senón que segue a empeorar e, en lugar de pararse a respirar e a analizar se o que están facendo está ben ou está mal, a pedir consello, a asesorarse, a falar cos veciños, a falar co resto dos membros da Corporación, a charlar cos outros partidos, a

fixarse noutros lugares, noutros concellos, a analizar as propostas que traen, ..., eles non, eles son os portadores da táboa de salvación, e como o alcalde xa nalgunha ocasión neste pleno mencionou a Groucho Marx, estas son as políticas que teñen, pero a diferenza del, o actual Goberno non ten outras, nin as quere ter.

Por iso falaba do desgaste, a ver se a costa de dicírllelo lles queda algo, porque cando lles din que miren, que algo non funciona, porque o paro segue a subir, porque cada vez hai máis familias en Cambre con necesidades, porque cada vez máis nenos están mal alimentados, porque en Cambre todo vai peor, eles o que lles contestan é que só queren alterar os plenos, que son uns provocadores, que non respectan ao alcalde, que non respectan ao Goberno, que menten á xente e que en Cambre cada vez se vive mellor.

Con todo iso hoxe aquí lles traen unha Conta na que non saen as contas, porque non se fixo ben, e os resultados están aí. Un ano máis, e aproveitándose de que a súa intervención veu precedida pola de Margarita, que explicou moi claramente os conceptos nos que coída que a maioría desta Corporación está de acordo, soamente vai dar algún dato que reflicte quen lles goberna e que está contido nesa Conta.

Considera que dous millóns e medio de euros é unha cantidade económica moi importante, cre que ata aí están todos de acordo. Pois esa é a cantidade de diñeiro dos veciños de Cambre que sae polas portas do concello con informe en contra de Intervención. Pero como sempre teñen a manía de mirar para atrás, hoxe tamén ela vai mirar para atrás. Pregúntalles se saben o importe de facturas informadas en contra cando o Sr. Rivas colleu o bastón, era un millón de euros, hoxe dous millóns e medio de euros.

Hai tres anos exactamente, o Sr. Andreu dixo o seguinte, non a ela, senón que está publicado, o da foto é o Sr. Andreu. Decía unha nota de prensa de 'A Opinión' do sábado 17 de decembro de 2011 que: "O concelleiro de Contratación, Felipe Andreu Barallobre, explica que dende que o executivo local accedeu ao Goberno este verán, xa se regularizaron varios contratos referentes a servizos públicos que se atopaban en precario, e sostén Barallobre que os cambios se observarán de forma máis notable na liquidación da Conta do exercicio 2012, ano no que se traballará co primeiro orzamento elaborado polo actual equipo de goberno, entón os informes de reparo serán mínimos."

Dille que mínimos dous millóns e medio de euros. Pregúntalle se non dicían que ían reducilos, se non botaban sapos e serpes da anterior Corporación pola boca, e non será ela quen defenda a ninguén, pero cando falaban de que as contas de Cambre non estaban claras, pregúntalle se están claras agora. Son dous millóns e medio de euros pagados en facturas que non teñen aprobación de Intervención. Pregunta se non será moito diñeiro para que eles, aínda por riba, se poñan altivos e poñan eses xestos que está poñendo o voceiro do PP e se fagan os indignados cando lles recriminan a súa xestión. Repítelles que son dous millóns e medio de euros.

Continúa dicindo que non sería ela, aínda que pensen o contrario, quen lles recriminara que non se tiveran eliminado totalmente os informes de reparo a día de hoxe, sempre que ano tras ano se foran regularizando e cada vez as contas foran

máis claras, pero é que ano tras ano sube a cantidade de diñeiro que sae do concello do que non existe conformidade, ou non está contratado, ou non está correctamente xustificado, así que é necesario incidir nesa cantidade, nos dous millóns e medio de euros.

O problema é que moitos deses conceptos poderíanse ter corrixido sen ningún tipo de problema nin de impedimento, pero non o fan porque non lles dá a gana. Pregunta a conto de que e de quen se seguen a dar achegas en especie, mediante pago directo a comisións de festas, entidades veciñais, asociacións culturais e deportivas, á parte do que xa está aprobado e concedido a través de subvencións. Pregunta que pode pensar outra entidade análoga das mesmas características que non reciba esas achegas. Pregunta a quen se lle dan, a quen non, a criterio de quen, iso é caciquismo, e como tal está así reflectido co informe de reparo do interventor, insiste en que non o di ela.

Continúa preguntando a conto de que se fixeron concursos para a selección dos abreconcertos do Rock in Cambre, que aínda menos mal, porque do tema tamén se pode falar, ou do certame breve do Nadal, sen tramitar ningún procedemento administrativo, sen aprobar nin publicar bases. Pregunta que pensarán todos aqueles interesados que non puideron ter coñecemento, ou non puideron concorrer porque fan as cousas fóra de orde e de procedemento. Pregúntalles que pensarán, que é un Goberno caciquil, non poden pensar outra cousa. Iso tamén está no informe do interventor.

Pregunta por que ano tras ano seguen atopando o inconveniente de que non estea aprobado polo pleno a forma de xustificar o destino das asignacións económicas aos grupos, só sería cuestión de vontade traelo ao pleno, para regularizar unha situación que poden arranxar na casa, pero pasan de todo.

E agora van ir ao gordo, e para ir ao gordo vai ler literalmente o que di o informe de Intervención, un ano máis os informes desfavorables de Intervención teñen a súa orixe en servizos municipais que non contan co debido expediente de contratación, como é o caso do mantemento de zonas verdes. O Sr. Andreu dicía nesa nota de hai tres anos, que estaba todo listo para contratar, e estaría ben que explicara, non a ela, senón aos veciños, todas as súas mentiras.

Sistemas de climatización e calefacción, limpeza de edificios e instalacións municipais non contemplados no actual contrato vixente, servizo de conserxería e limpeza dos complexos deportivos da Barcala e campo Dani Mallo, escolas deportivas municipais tamén fóra de contrato vixente, aluguer de contedores de obras ou de inodoros públicos, animación á lectura, mantemento da iluminación pública, instalacións de baixa tensión, instalación solar fotovoltaica na Barcala, asistencia técnica, rozas diversas. Tampouco hai contrato con Eulen polo servizo de axuda no fogar 2013, segue sen contratar dende o 2005 o servizo da auga, tamén o Mañanceiro tivo reparos, hai 70.000 euros pagados en contratos menores sen aprobación do gasto, e lembra que isto pode dar lugar a que alguén non cobre. Tamén hai 80.000 euros pagados a orquestras e artistas para os que non se seguiu o procedemento legal establecido.

Se agora se poñen a sumar, 31.000 euros en achegas sen xustificar, 53.000 euros en obras sen contratar, 1.760.000 euros en servizos sen contratar, 350.000 euros pagados a Augaservi sen contratar, 70.000 euros en contratos menores sen aprobación de gasto, 42.000 euros pagados a gasoleiras elixidas aleatoriamente, 150.000 euros en contratos privados, ao parvo e ao parvo, dous millóns e medio.

Se a todo iso se lles ocorre, a ela ocorréselle, sumarlle todo o que eles levan cobrado durante estes catro anos, máis ou menos outro millón de euros por traballar a media xornada, agora xa poden saber en que situación van deixar este concello dentro de seis meses, mal xestionado, cheo de problemas que os que veñan terán que solucionar, e ata onde están vendo moitos mortos nos caixóns que xa empezan a cheirar, a ver que pasa cando se abran eses caixóns. Conclúe dicíndolles que entenderán que non apoien nada relativo á aprobación desta Conta.

Concedida a palabra a dona M^a Victoria Amor Prieto, voceira do BNG, en primeiro lugar pide desculpas pola súa tardanza, simplemente dirá ao seu favor que viña de traballar, que saíu as 19.30 horas, en todo caso pide perdón.

En canto á Conta Xeral, dende o BNG vanse abster. Di que só quixerían que o Sr. alcalde lles explicara, xa que lles dixo hai dous ou tres meses que era moi legal, que por iso lles subía a contribución, que había que facer revisión do Catastro porque el é legal, pois quixerían saber por que se comete esta ilegalidade, por que se presenta a Conta Xeral a aprobación despois do 1 de outubro, que é o que marca a lei.

Toma a palabra o Sr. alcalde e dille que vaille responder en síntese á pregunta que ela lle fai. Levan dous anos aprobando o orzamento en xuño, ela mesma pode explicar o porqué. A pregunta que lle fai, contéstaa ela mesma.

Respecto do Catastro, eles están criticando e acaban de criticar que o concello non fai nada polos ingresos. Non quere dicir que haxa que roubar aos cidadáns, que el non o vai facer, todo o contrario, vai baixar os seus impostos, pero unha de dúas, non cabe todo nunha cesta. Os ingresos proceden dos cidadáns, e os ingresos hai que poñer os medios para recadalos.

Concedida a palabra a dona Margarita Iglesias Pais manifesta que como a única que falou de ingresos foi ela, gustaríalle aclarar que se estaba referindo ao tipo de ingresos nos que ten participación ou xestión o concello. O Sr. alcalde sabe que o IBI vén a través dun padrón que se forma a través do Estado e a capacidade de xestión é distinta. Aclárao, ela está referíndose aos ingresos correntes de natureza non impositiva, ou impostos de natureza indirecta. Pregunta se o entende así.

O Sr. alcalde dille que non, que o perdoe, pero que cales son eses ingresos, que llelo diga aos veciños.

Dona Margarita Iglesias Pais contesta que é moi claro. Os ingresos de natureza tributaria non impositiva son as taxas e as contribucións especiais. Os ingresos de natureza impositiva, pero de carácter indirecto, no caso do concello son os do imposto sobre construcións e obras, no que toda a xestión, dende o principio ata o final,

procede do concello, e non hai un padrón no que interveña outra administración pública. Outra cousa é que o Sr. alcalde ao mellor non o comprenda, pero ela cre que o que dixo está bastante claro.

O Sr. alcalde dille que non vai discutir, porque el o que fixo foi contestar a unha pregunta que lle fixo a voceira do BNG, pero se ela quere enlealo nunha discusión, el non vai seguila. Pide que o perdoe, pero que non vai seguila. Ela estalle dicindo que recadan polas obras que se fan en Cambre, pola xestión que fixo este concello, porque a xente non quere construír. Pregunta se iso é o que lle trata de dicir. E que o Catastro é un imposto que lle vén dado polo Estado e que o concello tampouco ten nada que ver, o concello non marca o tipo impositivo. Volve preguntarlle se o que lle trata de dicir é que o tipo impositivo non o marca o concello, cada un dos concellos de España, e que en Cambre é o máis alto da área metropolitana.

Concedida a palabra a dona Margarita Iglesias Pais manifesta que dende logo non vai entrar nun debate con el, porque parécelle que a nivel tributario os seus conceptos patinan notablemente. Dille que o imposto sobre construcións, instalacións e obras é tamén un imposto regulado na lexislación estatal, exactamente igual que o IBI, a única diferenza é que é voluntario, e neste caso o Concello de Cambre decidiu exercer a súa competencia e impoñer ese imposto a través dunha ordenanza. A única diferenza entre un e outro é que hai participación ou non doutras administracións na xestión, na elaboración dos padróns. No caso do IBI o padrón elabórase a nivel estatal, dille que llo pregunte ao interventor. No caso do imposto sobre os vehículos xestiónase a través da Deputación. Nos outros impostos que xestiona integramente o concello, si que hai unha deficiente actuación.

Conclúe dicindo que non se estaba referindo en ningún momento ao IBI, agora que se quere que entren todos no debate do IBI, non hai ningún problema, reábrense e debaten sobre o que el quere. Ela estíbese referindo unicamente aos ingresos propios, aos ingresos a través de tributos e impostos, e puxo enriba da mesa a deficiente obtención de recursos por parte do deputado provincial que os representa ante a Deputación, en comparación con outros municipios.

Toma a palabra o Sr. alcalde e dille que vai conceder a palabra á voceira do BNG, pero que lle contestará ao que dixo da Deputación, porque xamais este concello obtivo tantos ingresos por parte da Deputación como esta lexislatura, xamais, porque a Sra. concelleira leva a auga para o seu muíño.

Concedida a palabra a dona M^a Victoria Amor Prieto manifesta que xa non é a primeira vez que o Sr. alcalde culpa á oposición de aprobar tarde os orzamentos. Ela quería saber se son os concelleiros da oposición os que os presentan, porque quere lembrarlle que todos os anos o Goberno os presenta tarde, é máis, os orzamentos do 2015, están a 23 decembro do 2014 e están sen presentar, e o ano pasado aprobáronse en maio, pero porque el os presentou no mes de abril. Pídelle que non culpe á oposición de cousas que el fai mal.

O Sr. alcalde di que van votar a Conta Xeral.

Dona Margarita Iglesias Pais pregúntalle se non lle ía contestar á súa intervención, que non o vaia facer despois de que voten.

O Sr. alcalde dille que non, que vaille contestar por escrito con datos fidedignos, que loxicamente non trouxo, pero vaille contestar por escrito que cantidade obtivo a lexislatura pasada da Deputación este Goberno, e o que obtivo esta lexislatura. Iso é o que lle vai contestar e váillelo contestar por escrito.

Dona Margarita Iglesias Pais pregúntalle se podería facer a comparativa cos ingresos que reparte a Deputación nun e noutro ámbito, as diferenzas.

O Sr. alcalde contesta que naturalmente que fará a comparativa.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE e os dous concelleiros do GM (PdeC e PGD), votan en contra os dous concelleiros de EU, e abstéñense os tres concelleiros de UxC e os dous concelleiros do BNG.

A Corporación, por catorce votos a prol, acordou:

Primeiro: Aprobar a Conta Xeral do Concello de Cambre correspondente ao exercicio económico 2013 nos termos que constan no expediente, integrada polas contas anuais do propio concello e a documentación legalmente establecida.

Segundo: Remitir a Conta Xeral aos órganos de control externo pertinentes.

2.2. Proposta de aprobación do expediente núm. 3/2014 de recoñecemento de obrigas de exercicios anteriores

Vista a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo do día 17 de decembro de 2014.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía e Facenda do día 22 de decembro de 2014.

Concedida a palabra a dona Margarita Iglesias Pais, concelleira do PSdeG-PSOE, manifesta que o seu grupo vaise abster, non sen antes manifestar a súa preocupación, e sobre todo o seu enfado pola forma de xestionar que teñen. Sempre din que é debido ao atraso nas facturas, pero pleno si e pleno tamén, en case todos os plenos vén un recoñecemento extraxudicial de facturas, e iso non lle parece moi razoable. Nos últimos meses case todos os plenos, pleno si e pleno non, aparece un recoñecemento extraxudicial de facturas. Debe ser que os acredores de Cambre facturan todos tarde.

Don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, dille que a ver se van ter eles culpa de que os provedores lles presenten as facturas tarde.

O Sr. alcalde pide orde e concédelle a palabra á dona Marta M^a Vázquez Golpe, concelleira do PP, quen explica que efectivamente é o que lles di o seu compañeiro

Felipe. Eles evidentemente poden responder da xestión que depende deles, pero non da que depende dun terceiro. As facturas e eses expedientes de recoñecemento extraxudicial de créditos vanse traendo a pleno segundo van entrando as facturas. Non hai nada máis, non as van acumulando para agora traer unha partida de facturas e noutro pleno outra porque lles guste, non. Poden comprobar pola data de entrada das facturas que segundo entran vanse xuntando e no momento que hai un número considerable vanse traendo a pleno, para pagalas canto antes. Se non o fixeran así poderían ao mellor acumulalas todas nun único procedemento final en prexuízo dos acredores.

Concedida a palabra a dona M^a Victoria Amor Prieto, voceira do BNG, manifesta que aquí trátase de pagar facturas por un valor de 2.498 euros. Cinco desas facturas son do ano 2013, van imputarse ao orzamento do 2014 facturas do 2013. Dende o BNG gustaríalles que lles explicaran cales destas facturas non contaron coa conformidade dos servizos técnicos, tal e como di o informe de Intervención.

De todos modos, di que vanse abster, porque entenden que os acredores teñen dereito a que se lles paguen as facturas, pero non poden aprobar a xestión deste Goberno, por atrasar os pagos e, sobre todo, por prexudicar a imaxe do Concello de Cambre.

Concedida a palabra a dona Marta M^a Vázquez Golpe manifesta que a día de hoxe non ten constancia de que ningunha desas facturas vaia con ningún informe de reparo.

Dona M^a Victoria Amor Prieto dille que iso é o que consta no punto 2 do informe de Intervención. No punto segundo o interventor, que está aquí presente, di que “ou ben non contar con conformidade dos servizos técnicos”, por iso queren saber cales. Detalla dous tipos, esas facturas cuxa aprobación quedaron pendentes de aprobación e da súa correspondente e adecuada contabilización, con cargo ao orzamento correspondente, por non terse presentado no concello no mesmo exercicio no que se prestou o servizo ou se realizou a subministración, ou ben as que quedaron por non contar coa conformidade dos servizos técnicos. Entende que se dan as dúas casuísticas, senón non poñería iso o informe.

O Sr. interventor explica que non é que non se conformaran as facturas, senón que algunhas delas estiveron pendentes de conformidade e transcorreu o ano porque o técnico tiña que revisalas, etc. É o caso das dúas primeiras, que son certificacións de obra, controis de calidade, e que estaban pendentes da revisión polos técnicos. Non se imputaron ata que estivo o conforme. As outras facturas si son porque se presentaron tarde, pero están todas conformadas.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP e os dous concelleiros do GM (PdeC e PGD), e abstéñense os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU e os dous concelleiros do BNG.

A Corporación, por nove votos a prol, acordou:

Primeiro: Aprobar o expediente número 3/2014 de recoñecemento de obrigas de exercicios anteriores con cargo ao orzamento de 2014 por importe de 2.498,41 euros, correspondente ás seguintes facturas:

NÚM. FACTURA	DATA	NIF	NOME / DENOMINACIÓN SOCIAL	IMPORTE
Concepto factura				
0413060791	26/11/2013	B15044357	APPLUS NORCONTROL, S.L.U.	181,50
Control calidade certificación núm. 2 obra "Construción nova instalación Servizo Protección civil Cambre"				
413068457	41631	B15044357	APPLUS NORCONTROL, S.L.U.	290,4
Control calidade certificación núm. 3 obra "Construción nova instalación Servizo Protección civil Cambre"				
20016	41326	B15025661	INSTELEC, S.L.	127,05
Substitución luces fundidas en polideportivo Os Campóns (21/02/13)				
20455	41596	B15025661	INSTELEC, S.L.	56,93
Substitución 2 fluorescentes fundidos en colexio Santa Mª de Vigo				
493	41953	B15538135	JARDINCELAS, S.L.	1358,53
Traballos de xardinería en colexio Wenceslao Fernández Flórez ano 2013				
414048677	41941	B15044357	APPLUS NORCONTROL, S.L.U.	181,5
Control calidade certificación núm. 4 obra "Construción nova instalación Servizo Protección civil Cambre"				
88 PI	41558	13784804F	GARCIA GOMEZ JOSE DONATO	302,5
Concesión e título marca nacional "TI FAS CAMBRE" (M3077203)				
Total				2.498,41

Segundo: Autorizar, dispoñer e recoñecer as obrigas correspondentes a cada un dos acredores relacionados anteriormente.

2.3. Proposta de aprobación provisional da modificación da Ordenanza fiscal núm. 6, reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos

Vista a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo do día 17 de decembro de 2014.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía e Facenda do día 22 de decembro de 2014, no que se inclúe a modificación da proposta en canto ao número diario máximo de fotocopias de documentos obrantes nas bibliotecas municipais ou impresión de documentos dixitais, que é de 35, para que resulte coincidente coa vixente ordenanza de bibliotecas municipal.

Concedida a palabra a dona Marta Mª Vázquez Golpe, concelleira do PP, explica que basicamente consiste na modificación do artigo 7 da ordenanza fiscal número 6, reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos. Vólvese fixar a táboa de taxas para cada un dos servizos ofrecidos.

A novidade e modificación está, en primeiro lugar, en que as fotocopias que vaian con compulsa de documentos, sempre e cando se trate de tramitacións municipais, que se piden polos técnicos do concello, nese caso suprímese a taxa, que será de 0 euros. E

a outra modificación é que polos certificados de empadramento actuais tampouco se vai cobrar taxa a partir da suposta aprobación da modificación.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP, os dous concelleiros de EU e os dous concelleiros do GM (PdeC e PGD), e abstéñense os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC e os dous concelleiros do BNG.

A Corporación, por once votos a prol, acordou:

Primeiro: Aprobar provisionalmente para o exercicio 2015 e seguintes a modificación dos epígrafes “Planos, fotocopias e documentos técnicos” e “Outros documentos”, do artigo 7º da ordenanza fiscal nº 6 reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos, quedando redactados do seguinte xeito:

Planos, fotocopias e documentos técnicos	
Por cada documento que se expida en fotocopia:	
1. Por folio de tamaño DIN A-4	0,15 euros
2. Por folia tamaño DIN A-3	0,20 euros
3. Mayor DIN A-3, por folia	
3.1. A primeira copia	6,00 euros
3.2. As copias restantes	2,00 euros
4. Fotocopia e compulsas de documentos, sempre e cando non se trate de tramitacións municipais (caso no que a cota será de 0 euros):	
4.1. polo primeiro folio	1,00 euro
4.2. por cada un dos restantes	0,20 euros

Outros documentos:	
Exemplar de ordenanzas fiscais	24,00 euros
Bastanteo de poderes	25,00 euros
Entrega de documentación administrativa en CD-ROM	15,00 euros/ unidade
Por cada expediente para celebración de voda civil no Concello	
1. Cando algún dos contraíntes sexa veciño do municipio	90,00 euros
2. Cando ningún dos contraíntes sexa veciño do municipio	180,00 euros
Por cada inscrición no Libro rexistro de unións non matrimoniais	12,00 euros
Certificado de empadramento do padrón vixente	0,00 euros
Certificado de empadramento de padróns anteriores:	
1. Ata padrón ano 1981, incluído	4,00 euros
2. Padróns anteriores a 1981: engadirase á cota anterior, por cada 5 anos	1,20 euros
Certificación de acordos municipais:	
1. Do ano en curso	10,00 euros
2. De anos anteriores	12,00 euros
Expedición informes emitidos pola policía local relativos a accidentes de circulación	50,00 euros
Expedición de outros informes emitidos pola policía local	10,00 euros
Expedición de tarxetas de armas o permiso de uso de escopetas de aire comprimido, u outros tramitados ante la policía local	12,00 euros

Expedición de informes sociais	0,00 euros
Outros informes non comprendidos en apartados anteriores	3,00 euros
Outras certificacións non comprendidas en apartados anteriores:	
1. Cando precisen de informe técnico	15,00 euros
2. Cando non precisen de informe técnico	2,00 euros
Por cada fotocopia de documentos obrantes nas Bibliotecas municipais ou impresión de documentos dixitais (sendo 35 o número máximo permitido ó día)	
1. Por folio tamaño DIN A-4	0,05 euros
2. Por folla tamaño DIN A-3	0,10 euros
Expedición do Carné Propio da OMIX	12,00 euros
Expedición duplicado do carné propio da OMIX	6,00 euros

Segundo: A antedita modificación comezará a aplicarse a partir do día seguinte á publicación do anuncio no *Boletín Oficial da Provincia* da súa aprobación definitiva, e manterase vixente ata a súa modificación ou derogación expresa.

Terceiro: Expoñer ao público no taboleiro de anuncios do Concello o citado acordo provisional, así como o texto completo da ordenanza fiscal modificada durante o prazo de trinta días hábiles, contados dende o día seguinte ao da publicación do anuncio de exposición no *Boletín Oficial da Provincia*. Igualmente publicarase o de exposición nun diario dos de maior difusión da provincia.

Durante o período de exposición pública da ordenanza, os que teñan un interese directo, nos termos previstos no artigo 18 do Real decreto legislativo 2/2004, poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións oportunas. Transcorrido o período de exposición pública sen presentar reclamacións, os acordos adoptados quedarán definitivamente aprobados.

Cuarto: Publicar no *Boletín Oficial da Provincia* os acordos definitivos que, unha vez transcorrido o período de exposición pública proceda adoptar, así como o texto da ordenanza modificada.

2.4. Aprobación inicial, se procede, da Ordenanza reguladora dos procedementos de intervención administrativa nos actos de uso do solo e do subsolo e no exercicio de actividades e apertura de establecementos

Vista o informe-proposta do xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior, co conforme da concelleira delegada da Área de Urbanismo e Medio Ambiente de data 18 de decembro de 2014.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Obras, Servizos e Urbanismo do día 22 de decembro de 2014.

Concedida a palabra a dona Rocío Vila Díaz, concelleira do PP, explica que trala entrada en vigor da Lei 9/2013 do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, establécese un novo réxime xurídico para Galicia no que ao exercicio das actividades e á realización de obras se refire. Establécese como réxime xeral de control o da comunicación previa, deixando para supostos concretos o outorgamento

de licenzas. Por este motivo faise necesario crear un novo marco xurídico municipal que vaia máis aló do establecido na vixente ordenanza municipal de actividades e aperturas de establecementos, que dea resposta e desenvolvemento ao novo réxime das comunicacións previas, tanto en obras como en actividades, e que regule os supostos nos que se requirirá licenza municipal, tanto para actos do uso do solo e do subsolo como para o exercicio das actividades.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que a eles gustaríalles primeiro saber, antes da súa intervención, se esta ordenanza foi consensuada coa Asociación de Empresarios, e a pregunta falla á concelleira e tamén ao presidente da Asociación de Empresarios o Sr. Baamonde, se foi consensuada ou non coa asociación esta ordenanza.

Como é que non, eles o que piden é que quede sobre a mesa, porque entenden que hai conceptos xurídicos indefinidos e que quedan en mans ou interpretación da administración, o cal produce inseguridade xurídica nos veciños, por poñer un exemplo, no artigo 16, no apartado segundo e terceiro, nos artigos 34, 46 e 59.

Están falando de que hai que distinguir entre que a causa sexa producida polo interesado ou pola administración sectorial á que se lle solicita a autorización ou informe. Eles cren que non deben cargar ao interesado, ao veciño neste caso, coa caducidade cando a causa deriva de que outras administracións non emitan un informe. Isto quere dicir que se un veciño pide unha licenza e teñen que pedir, sexa o concello ou sexa o propio veciño, autorización a Estradas, a Patrimonio ou a outra administración, pasado tres meses, se non contestan, queda anulada esa licenza, despois de ter pagado as taxas.

Eles entenden que nese caso non se lle debe cargar ao veciño coa culpa de que ou ben esa administración non conteste, ou ben outras administracións non contesten a tempo. É un dos exemplos, pero se queren danlles máis. E conclúe dicindo que o que queren é que o deixen sobre a mesa, que o consensúen, hai varias cousas que queren poñer enriba da mesa e, se é posible, que quede enriba da mesa, discutilo e tratalo, se non é así farán as alegacións no tempo de alegacións.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, manifesta que, simplemente por aclarar unha cousa sobre a petición que acaba de facer o voceiro de UxC, quere que todos eles saiban, tamén en mérito do funcionario que fixo este traballo, que esta ordenanza que se fixo a vontade do propio funcionario é a que se está implantando, textualmente, en todos os concellos da provincia. Dentro dunha comisión de traballo que se fixo coa Deputación, onde estaban representantes de varios concellos e os técnicos da propia Deputación, pasáronse os filtros da Deputación, da Xunta, de todos os concellos da provincia, e é a mesma ordenanza que se lle está propoñendo a todos os concellos da provincia para a súa aprobación, e a maioría deles van aprobala textualmente.

Di que por iso lle parece un pouco irrespectuoso de cara ao funcionario que fixo este traballo que ten a aprobación de toda a provincia, que agora lle digan a todos os concellos da provincia que aproben unha ordenanza que propón Cambre, e que Cambre a vaia cambiar de plano, porque practicamente o que se vén a propoñer é que

se cambie de plano. Simplemente para que todos o analicen e tomen a decisión que teñan que tomar.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que con independencia do bo traballo que poida ter feito o funcionario correspondente, o que si é certo é que sempre ven máis catro ollos que dous, e se hai unha suxestión, que lle parece bastante axustada por parte de UxC, de mellorar nese sentido, en canto á discrecionalidade dalgunhas actuacións que puideran prexudicar aos interesados, pois cre que pode revisarse o seu texto para intentar melloralo, sen ánimo de criticar evidentemente o traballo realizado. Conclúe que por iso el subscribe o que di o compañeiro Óscar, e como hai unha serie de suxestións que parece que UxC quere facer, que quede enriba da mesa, polo menos un tempo prudencial como para que se poidan facer esas suxestións e a partir de aí tomar unha decisión. Entende que en clave de mellorar non deben opoñerse a un tema como este. É a súa opinión e el, dende logo, tamén apoia o feito de que quede sobre a mesa.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que eles van apoiar a proposta de UxC de que o asunto quede enriba da mesa, pero tamén quere dicir que esta ordenanza a eles trasladóuselles hai aproximadamente un mes, ou algo máis. Teñen que dicir a verdade, tampouco lle atoparon nada estraño, para eles o que fai é soamente afondar no que aprobaron aquí no ano 2012, xa que o que trata é de facilitar a apertura de establecementos, pero se hai unha cuestión que se poida dirimir e paliar, como di UxC, eles están dispostos a apoiar que quede enriba da mesa.

Por outra parte, tamén quería dicir que, efectivamente, cando se trata de facer unha obra que depende dos informes doutras administracións, como pode ser neste caso de Patrimonio, a axilidade queda en tea de xuízo, porque estanse encontrando que o Concello de Cambre nunha semana pode dar unha licenza, pero resulta que Patrimonio tarda seis meses en emitir un informe, e hai cantidade de expedientes en Cambre paralizados por culpa dese tema. Fala de Patrimonio porque é o que coñece, pero imaxina que haberá outras administracións nas que pase exactamente o mesmo.

Non é de recibo que unha persoa queira cambiar un tellado dunha casa e porque a 200 metros haxa unha casa catalogada, que tarde seis meses en emitirse un informe. De todas maneiras, di que quizais lle poida clarificar a secretaria se eses informes son vinculantes ou non, os expedientes neste caso de Patrimonio, porque que el saiba varias persoas que teñen solicitado para facer algunhas obras nas súas casas, por culpa de Patrimonio non poden facelas, incluso persoas ás que lles chove na casa.

Por todo isto tamén lle quería dicir ao Sr. alcalde que debería, non sabe se falar con Patrimonio, pero tratar de que eses temas se axilicen, porque teñen un prexuízo substancial cara aos veciños de Cambre.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, concelleiro do BNG, manifesta que eles súmanse á petición de retirada. Comparten o espírito da proposta, dende logo que si, e de verdade que, en fin, que tampouco se diga ou se queira ver unha falta de respecto ao traballo dun funcionario, nin moito menos, nin por asomo esa é a razón de que se pida a retirada. Se tardan 20 ou 30 días, que pode ser o que tarde

o vindeiro pleno, e pode saír isto co apoio de todos, pois mellor que facelo hoxe. Poden intentar negociar, pactar, dialogar e traelo para o mes que vén, efectivamente tamén con esa máxima que dicía o voceiro socialista, que catro ollos ven máis que dous. E sen máis, a eles parécelles ben a iniciativa en termos xerais.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, concelleiro de PdeC, manifesta que esta ordenanza a tiveron todos os grupos, como dicía o Sr. Taibo dende hai un mes, el cre que todos tiveron tempo para facer achegas e posiblemente, dicía Augusto, que catro ollos ven máis que dous, efectivamente. É verdade que coa Asociación de Empresarios se ten comentado que ía vir isto, e el tampouco entende por que hai que consensualo. El cre que é o Goberno quen ten que traer a proposta e eles actuar en consecuencia, votar a prol, absterse, votar en contra, pero non lle ve maior problema. Conclúe dicindo que el, dende logo, vai manter o voto da comisión, se ao final non se retira da orde do día vai votar a prol, despois quen queira que faga alegacións, ou igual xa tivo tempo para facelas e non se fixeron.

Toma a palabra o Sr. alcalde para manifestar que en resposta ao que lle preguntaba o voceiro de EU, el quere dicirlle que xa falou con Patrimonio, porque hai moitas cousas que efectivamente quedan enquistadas en Patrimonio, non sabe o porqué, ás veces porque teñen que pedir informes a outro sitio, pero neste momento Patrimonio non ten ningún atraso respecto Cambre, ningún. El falou co director de Patrimonio e díxolle que neste momento se estaban tramitando. Que ás veces queren que vaian máis rápido, si, pero el xa instou a Patrimonio.

Se o Sr. concelleiro lle dixera Augas de Galicia, aí xa lle di que con Augas de Galicia é imposible, fan os informes cando eles queren. Por moito que lles diga como alcalde, mandoulles cartas e de todo, e xa non sabe que facer con Augas de Galicia, pero Patrimonio neste momento está axilizando bastante as licenzas. Se hai algún caso que o voceiro de EU coñece, que ten esa autorización parada en Patrimonio, pídlle que llo diga, que o axiliza inmediatamente, se coñece a algunha persoa, porque el non a coñece neste momento.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que posiblemente a concelleira de Urbanismo teña máis coñecemento destes temas, pero el vaille dicir dous casos que coñece. Un caso que levaba cinco meses paralizado por un informe de Patrimonio, unha casa ao lado da vía do ferrocarril, enfronte á casa catalogada da Arrigada, e pasaron cinco meses para cambiar un tellado porque lle afectaba a Patrimonio. Outro caso, outros catro ou cinco meses para facer un muro na parroquia de Anceis, polo tema do Camiño de Santiago, estivo outros cinco meses paralizado. Non sabe a día de hoxe, pero estalle falando de hai aproximadamente un mes. Estes temas aquí ten membros do seu Goberno que os coñecen perfectamente, e eles pódennlle dicir se é así ou non, pero son casos que el coñece e que levaban cinco meses paralizados polo tema de Patrimonio.

Conclúe dicindo que a día de hoxe o do muro de Anceis xa está solucionado, e o tema do tellado, do cambio de cuberta na Estación, non ten coñecemento.

Concedida a palabra a dona Rocío Vila Díaz manifesta que ela non vai retirar a ordenanza, e non o vai facer, non porque non estea de acordo en consensuala, de

feito está tan de acordo que llela deu hai cousa de un mes, pero non a vai retirar porque todos eles mantiveron unhas comisións onte, e isto mesmo podían terllo suxerido e non tería habido ningún problema.

Entende que non é de recibo que tendo unha comisión onte, lle propoñan hoxe que retire a ordenanza porque teñen encontrado ou ven unhas deficiencias. Por iso, sénteo, pero non vai retirala.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño manifesta que está no seu dereito, por suposto, de non retirala. El non di que esta sexa unha mala ordenanza, non o dixo nunca. Non dixeron nunca que non fora un bo traballo do funcionario, só faltaría, non dixeron iso. Só dixeron que hai achegas que eles cren que son importantes para facer, e terminou a súa intervención dicíndolles que eles podían aprobala, e que UxC faría as alegacións pertinentes. Cre que mellor non o puido expresar. Que igual tiña que telo feito antes, ou tiñan que telo feito antes, seguramente, pero non o fixeron.

Pero reitéralle que o que se di no artigo 16, alínea 2, é que no caso de que non se presente a preceptiva autorización ou informe sectorial, o procedemento de tramitación da solicitude de licenza municipal quedará en suspenso polo tempo que medie entre a notificación do seu requirimento e a súa efectiva presentación. Ese prazo de suspensión non poderá exceder, en todo caso, de tres meses. Transcorrido ese prazo sen que se teñan achegado as autorizacións ou informes sectoriais pertinentes, acordarase, logo da súa advertencia, o arquivo das actuacións e declararase a caducidade do procedemento.

Dille que iso é grave, pero máis grave é o punto 3 que di que a mesma suspensión do procedemento producirase cando sexa este concello o que ante unha solicitude de licenza urbanística deba solicitar autorizacións ou informes sectoriais a outras administracións públicas, de acordo coa lexislación sectorial de aplicación, e polo tempo que medie entre a petición e a recepción da autorización do informe.

E di que o mesmo Sr. alcalde acaba de dicir que Augas de Galicia fai os informes cando quere. E iso estanllo imputando ao veciño que vai vir pedir unha autorización, e se nos tres meses non ten a autorización de Augas de Galicia, porque a necesita, eles vanlle archivar o expediente, é o que di aí.

Eles cren que iso é mellorable, e non só iso, no artigo 20 que fala de licenzas condicionadas a completar a urbanización, habería que definir con claridade ou dar referencia de onde se define o concepto de reforma, é dicir, ata onde chega o concepto de reforma. Como dicía Luis é un arranxo do tellado ou é un arranxo integral da vivenda, pregunta ata onde chega. Por iso dicían que hai certas indefinicións que deixan ao veciño sen ningún tipo de defensa e deixa á administración, neste caso ao funcionario ou ao político correspondente, que decida que tipo de reforma é. Eles cren que iso é mellorable.

Conclúe dicíndolles que a aproben, que non pasa nada, que eles farán as alegacións, faranas tarde, o recoñece, pero farán as achegas que consideren oportunas.

Simplemente din que é mellorable, non din que sexa mala, din que é mellorable, nada máis.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno manifesta que el cre que, con independencia de que onte se poderían ter feito estas observacións en comisións informativas ou non, o que é certo é que as observacións que se están facendo por parte do voceiro de UxC teñen moito sentido. Sería economía administrativa intentar en un mes facer esas achegas e posteriormente evitar alegacións, recursos ou incidencias no proceso de elaboración da ordenanza. Non cre que vaian empeorar moito a situación por tardar un tempo prudencial en traer de novo esta ordenanza, coas achegas que teñan que realizar, por iso reitera o que lle dixo ao Sr. alcalde, con independencia de respectar a opinión da compañeira concelleira de Urbanismo, ao Sr. alcalde correspóndelle manter este punto na orde do día ou retiralo, polo tanto, rogaríalle, cre que é de sentido común, que isto quede sobre a mesa para que poidan facer achegas, tal e como suxire UxC, para mellorar ese documento que entenden de vital importancia para o funcionamento do concello nestes temas.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre manifesta que simplemente por aclarar, que por economía sería máis recomendable, cinguíndose só á economía, aprobala inicialmente, que se faga a exposición pública, que se fagan as alegacións, e que na aprobación definitiva se resolvan as alegacións, porque a exposición pública non llela vai quitar ninguén. Agora o deixan enriba da mesa, despois o aproban inicialmente, e despois teñen que telo a exposición pública igual, así que por economía si que sería máis recomendable aprobalo agora e dentro das alegacións intentar consensualas. En todo caso, todos saben que o feito de que se estimen ou non as alegacións vai depender dun informe que faga un técnico, vai depender diso, as modificacións ou alegacións que se fagan terán que ter o visto e prace do técnico para poder ser incorporadas.

Toma a palabra o Sr. alcalde para manifestar que, como recolle o Regulamento orgánico municipal, a petición dun grupo, van someter a votación deixar a ordenanza sobre a mesa ou non.

Sometida a votación ordinaria a decisión de deixar sobre a mesa o asunto, votan a prol os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU e os dous concelleiros do BNG, e votan en contra os sete concelleiros do PP e os dous concelleiros do GM (PdeC e PGD).

A Corporación, por doce votos a prol acordou deixar sobre a mesa a aprobación inicial da Ordenanza reguladora dos procedementos de intervención administrativa nos actos de uso do solo e do subsolo e no exercicio de actividades e apertura de establecementos.

O Sr. alcalde sinala que a ordenanza queda sobre a mesa para traela ao vindeiro pleno se pode ser, porque isto urxe traelo ao pleno.

2.5. Aprobación da adaptación do texto dos Estatutos que rexen o Consorcio As Mariñas e incoación de expediente para a constitución dunha mancomunidade

Vista a proposta da Alcaldía do día 18 de decembro de 2014, que literalmente se transcribe a continuación:

“ANTECEDENTES

PRIMERO. O réxime xurídico dos consorcios modificouse polo establecido na Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que modifica a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

SEGUNDO. A aprobación do Consorcio realizouse por Resolución de 18 de xullo de 2000 conforme ao disposto no artigo 44 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e 150 e seguintes, así como os 137 e seguintes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia: *“Os concellos de Abegondo, Arteixo, Bergondo, Betanzos, Cambre, Carral, Culleredo, Oleiros e Sada, todos eles da provincia da Coruña, constitúen un consorcio local, sen prexuízo dos que poidan incorporarse no futuro conforme ás previsións estatutarias, de conformidade co establecido nos artigos 37 a 40 do Regulamento de servizos das corporacións locais, aprobado por Decreto do 17-6-1955; artigos 3, 26, 47.3º b), 57, 85 e 87 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local; artigos 35, 36 e 110 do R.D. lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local; artigo 7 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común; artigos 2 ao 6, 8, 137 e ss., 149 ao 152 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia; Lei 10/1997, de 22 de agosto, de residuos sólidos urbanos de Galicia; así como Lei 10/1998, de 21 de abril, de residuos; demais concordantes e de aplicación.”*

A orde do 10 de decembro de 2008 modificou os estatutos do Consorcio As Mariñas.

TERCEIRO. En sesión extraordinaria do Pleno do Consorcio "As Mariñas" celebrada o 3 de outubro de 2014, os concellos integrantes do Consorcio por unanimidade acordaron aprobar inicialmente a modificación dos Estatutos do Consorcio. Mantense o contido do informe de secretaría previo a esta aprobación inicial.

De conformidade co disposto no artigo 143 da Lei de Administración Local de Galicia, abriuse un prazo de información pública e o Consorcio solicitou informe á Deputación da Coruña e á Dirección Xeral de administración local como órgano competente para emitir o informe dentro da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia.

CUARTO. Non consta que se presentasen alegacións durante o período de exposición ao público.

QUINTO. En data 7.11.2014, 14.11.2014 o consorcio recibiu os informes preceivos da Dirección Xeral de administración local como órgano competente para emitir o informe dentro da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia.

SEXTO. En data 26.11.2014 o consorcio recibiu o informe preceivo da Deputación da Coruña.

LEXISLACIÓN APLICABLE

A Lexislación máis destacada do asunto é a seguinte:

- A Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (art. 25.2.j) e c) e art. 26)
- A Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común

- Os artigos 22.2.b), 44 e 47.2.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.
- Os artigos 35 e 36 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.
- A Lei 5/1997 de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia.
- Os artigos 31 a 39 do Real Decreto 1690/1986, de 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de Poboación e Demarcación Territorial.
- O Real Decreto 382/1986, de 10 de febreiro, polo que se crea, organiza e regula o Funcionamento do Rexistro de Entidades Locais.
- Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local

CONSIDERACIÓNS

PRIMEIRA. O artigo 44 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, recoñece aos Municipios o Dereito a asociarse con outros en mancomunidades para a execución en común de obras e servizos determinados. As mancomunidades teñen personalidade e capacidade xurídica para o cumprimento dos seus fins específicos e réxense polos seus estatutos propios e as Mancomunidades non poderán asumir a totalidade das competencias asignadas aos respectivos Municipios.

SEGUNDA. Os artigos 150 e seguintes da **lei 5/1997**, de 22 de xullo, de administración local de Galicia **regulan o procedemento de constitución dunha mancomunidad.**

Destaca a regulación do artigo 151, que indica que para a elaboración dos Estatutos e **para a creación de consorcios locais seguiranse as mesmas regras e o mesmo procedemento que se estableceu para as mancomunidades de municipios na lexislación estatal básica e nos artigos 137 e seguintes da presente Lei.**

Do mesmo xeito, para a modificación dos Estatutos do consorcio local, así como para a disolución do mesmo, seguiranse as mesmas regras e o mesmo procedemento que o establecido pola lexislación estatal básica e polos artigos 143 e 144 da presente Lei para a modificación dos Estatutos ou disolución das mancomunidades de municipios.

Parece claro que, **conforme á lexislación autonómica, os consorcios locais equiparóanse ás mancomunidades de municipios.**

TERCEIRA. Seguindo as regras previstas para a aprobación dos Estatutos, de acordo ao establecido na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e os artigos 144 e seguintes da lei 5/1997 todo elo de acordo co informe da Dirección Xeral de administración local, o procedemento que se seguiu para a adaptación dos Estatutos do Consorcio é o seguinte

- a) A iniciativa corresponderá ao Pleno da mancomunidad, de oficio ou a instancia dos Concellos que a constitúen.
- b) Adoptado o acordo, someterase a información pública por prazo dun mes e, simultaneamente, remitirase á Deputación ou Deputacións Provinciais respectivas e á Consellería competente en materia de réxime local para o seu informe, por prazo dun mes.
- c) Finalizado o prazo de exposición pública e recibidos os informes a que se refire o apartado anterior ou transcorrido o prazo dun mes sen que fosen emitidos, someterase o acordo de

modificación dos estatutos ou de disolución da mancomunidade aos plenos dos Concellos mancomunados. A adopción do devandito acordo, que resolverá tamén as alegacións, no caso de que estas fosen presentadas, requirirá o voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros de cada unha das Corporacións.

d) Aprobados os acordos de modificación dos estatutos da mancomunidade ou de disolución da mesma pola maioría dos Concellos mancomunados, o Presidente da mancomunidade remitirá copia certificada dos mesmos á Conselleira competente en materia de réxime local, para a súa íntegra publicación no «Diario Oficial de Galicia», e comunicaraos á Administración Central do Estado aos efectos establecidos pola lexislación básica de réxime local.

CUARTO. Non obstante o indicado, o procedemento para a creación dunha Mancomunidade ex novo e para a aprobación dos Estatutos, será o seguinte:

A. A iniciativa para a constitución de Mancomunidades deberá ser aprobada por cada un dos Municipios que a asuman mediante Acordo adoptado co voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros de cada Concello.

B. Os Concelleiros dos Municipios promotores da Mancomunidade, constituídos en Asemblea, elaborarán os seus Estatutos que haxan de rexer a Mancomunidade.

C. De conformidade co artigo 35.3 do Texto Refundido de Réxime Local, o proxecto de Estatutos someterase a un período de información pública por prazo dun mes mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia correspondente.

D. Simultaneamente, o proxecto de Estatutos adoptado pola Asemblea deberá ser remitido á Deputación ou Deputacións Provinciais correspondentes para o seu informe, de acordo co artigo 44.3.b) da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local.

E. Os Estatutos da Mancomunidade deberán ser aprobados polos Plenos dos respectivos Concellos, co voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.

QUINTA. Non pode haber referencia ás institucións ou entes privados nos estatutos da mancomunidade, o que se corrixiu.

Por outra banda, eliminouse a referencia á facultade do presidente de ditar bandos. E no artigo 5, no seu último parágrafo incluíuse a necesidade de solicitar informe de coordinación da deputación provincial segundo dispón a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local

SEXTA. Elimináronse nos estatutos todas aquelas referencias dos estatutos ao persoal eventual, de acordo co disposto no artigo 104 bis.3 da LBRL (introducido pala LRSAL) que indica que as mancomunidades non poderán ter persoal eventual: "El resto de Entidades Locales o de sus organismos dependientes no podrán incluir en sus respectivas plantillas, puestos de trabajo cuya cobertura corresponda a personal eventual". **Xa que logo, procedeuse á eliminación do dito persoal da regulación da mancomunidade nos artigos 14 e 17 dos estatutos.**

SÉTIMA. As competencias das mancomunidades deben orientarse exclusivamente á realización de obras e prestar servizos públicos a que se refiren os artigos 25 e 26 da LBRL, preceptos estes si modificados pola LRSAL, e que en definitiva incumben ao obxecto e

competencia da mancomunidade, polo que deben ser definidos explícitamente nesos Estatutos.

A redacción dos estatutos inicial establecía unha formulación xenérica nos apartados b),c) e d) do artigo 5. **E debe recoller de xeito máis concreto as competencias que asume a mancomunidade dentro das previsións establecidas nos artigos 25 e 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.** O que se corrixiu nesta proposta de aprobación definitiva, sendo as competencias do consorcio as seguintes:

- a) Prestación parcial ou integral do servizo de recollida selectiva e transporte conxunto de residuos, e de ser o caso, cantas outras competencias atribúa a lexislación xeral ou sectorial nesta materia.
- b) Alumeado público e protección contra a contaminación lumínica nas zonas urbanas.
- c) Avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social.
- d) Estacionamento de vehículos e mobilidade.
- e) Información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local.
- f) Protección da salubridade pública.
- g) Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre.
- h) Promoción da cultura e equipamentos culturais.
- i) Promoción da participación dos cidadáns no uso eficiente e sustentable das tecnoloxías da información e as comunicacións.
- k) Servizo de lacería e canceira municipal

Para o exercicio dos fins establecidos nas letras b), c) d) e f) do punto 1 anterior, deberase contar co acordo plenario corporativo favorable de tódalas entidades mancomunadas e o informe favorable da Deputación provincial segundo dispón a Lei 27/2013 de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local.

OITAVA. O último punto (punto 5.K) ven redactado de conformidade coa Lei 14/1986 de 25 de abril, Xeral de Sanidade, en materia de animais de compañía e animais potencialmente perigosos, os Concellos están obrigados, entre outros, á prestación dos seguintes servizos:

- Servizo de lacería e canceira municipal: recollida de cans e gatos abandonados e vagabundos, de aqueles que circulen polas vías públicas con inobservancia das prescricións legais ou municipais sobre tenencia, de aqueles que agrediran a persoas ou outros animais, e de aqueles sospeitosos de transmisión de enfermidades infecto-contaxiosas e a súa retención nun centro- canceira- destinado á recollida destes animais ata que sexan reclamados, acollidos ou sacrificados.
- Licencias para a tenencia de animais potencialmente perigosos
- Mantemento do Rexistro Municipal de Animais Potencialmente Perigosos
- Censo Municipal de cans.
- Réxime sancionador por incumprimento das obrigas sobre tenencia.

NOVENA. Co propósito de dar máis seguridade xurídica ao acordo, de acordo co expresado polo informe de Secretaría, este Concello non quere esquecer o procedemento para a constitución dunha mancomunidade, e polo tanto, propón que se inicien os trámites apra que se constituía unha mancomunidade e se ratifique este acordo.

O Consorcio As Mariñas presta un servizo básico e de Interese xeral, que o Concello non pode deixar de prestar e por iso se propón a aprobación do texto proposto coas consideracións indicadas.

No momento de constitución do Consorcio, xa existía a mancomunidade de municipios de A Coruña. Para que non coincida coa denominación, o resto de integrantes desta

mancomunidade decidiron constituírse como Consorcio. A súa vontade inicial era a prestación dun servizo obrigatorio e de forma conxunta cun ente autónomo e independente do resto dos concellos que o conformasen.

Xa que logo, podemos afirmar que o propósito deste novo acordo de conversión é o mesmo que cando se conformou inicialmente a vontade de asociarse como consorcio. De feito, as modificacións nos estatutos, máis aló das que obriga a lei, simplemente coinciden co cambio da palabra consorcio pola palabra mancomunidade.

É por todo isto que se propón a aprobación da modificación dos estatutos do Consorcio e que se inicien os trámites para a ratificación do acordo.

Visto que o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable e que procede a súa aprobación definitiva por parte do Pleno desta Entidade, propónse ao Pleno desta Entidade, a adopcións dos seguintes **ACORDOS**:

PRIMEIRO. Aprobar definitivamente a adaptación do texto dos Estatutos que rexen o Consorcio As Mariñas e que se xunta como documento á parte.

SEGUNDO. Incoar o expediente de constitución dunha Mancomunidade co gallo da ratificación deste acordo entre os Concellos de Abegondo, Arteixo, Bergondo, Betanzos, Cambre, Carral, Culleredo, Oleiros e Sada, todos eles da Provincia da Coruña, coa finalidade de proceder á xestión en común dos servizos que se expresan nos estatutos.

TERCEIRO. Trasladar este acordo ao Consorcio aos efectos de emitir unha copia certificada dos estatutos á Consellería competente en materia de réxime local e aos efectos establecidos pola lexislación básica de réxime local, así como para a incoación da ratificación indicada por parte das anteriormente citadas Entidades Locais, a fin de que adopten o acordo oportuno e que os concellos expresen a vontade de concorrer á Asemblea e designar un representante da Corporación na Comisión de Estudos que se encargue de elaborar o anteproxecto de Estatutos (que tomará como base os actuais estatutos) e de tramitar o procedemento ata a constitución dos Órganos de Goberno da Mancomunidade.

CUARTO. Facultar á Presidencia para a xestión e firma de cantos documentos sexan necesarios.”

Visto o informe emitido pola secretaria municipal o día 18 de decembro de 2014.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía e Facenda do día 22 de decembro de 2014.

Toma a palabra o Sr. alcalde para explicar que, como xa comentaron nas comisións, o que se trata aquí é de traer a pleno a aprobación duns estatutos para a transformación do Consorcio As Mariñas nunha mancomunidade. É dicir, o que se pretende é aprobar os estatutos que rexerán a mancomunidade, para incoar o expediente e acabar constituíndo unha mancomunidade.

Di que isto faise porque a Lei de estabilidade e racionalización dos concellos introduciu o 27 de decembro do 2013 unha cláusula segundo a cal a 31 de decembro de 2014 os consorcios como tal terían que desaparecer, polo tanto, hai que transformalos noutro ente ou disolverlos.

Como dixo, o que se trae aquí agora é a aprobación dun texto de estatutos, e ademais dise así, aprobar definitivamente a adaptación do texto dos estatutos que rexen o Consorcio As Mariñas, que se achegan como documento á parte, e incoar o expediente de constitución dunha mancomunidade, con motivo da ratificación deste acordo entre os Concellos de Abegondo, Arteixo, Bergondo, Betanzos, Cambre, Carral, Culleredo, Oleiros e Sada, todos eles da provincia da Coruña, coa finalidade de xestionar en común os servizos que se expresan nos estatutos.

Iso é o que se trae a pleno, para non ter unha interrupción no servizo que está prestando o Consorcio As Mariñas neste momento aos nove concellos da área metropolitana.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que este punto da orde do día do pleno é verdadeiramente un gran problema que se trae ao Pleno da Corporación de Cambre. O que manifesta é un fracaso múltiple e absoluto a diferentes niveis. Primeiramente un fracaso do Goberno do Estado, do Goberno do PP en Madrid, que coa aprobación desa Lei 27/2013, denominada da racionalización e sustentabilidade das administracións locais, chega moi pouco neste proceso. De sustentabilidade nada, en todo caso o que leva é moito desacougo ás administracións locais, en concreto co tema que lles trae hoxe aquí, o Consorcio As Mariñas e a súa transformación ou non nunha mancomunidade.

Hai un fracaso tamén por parte da Xunta de Galicia, en concreto por parte da Consellería de Presidencia, da Dirección Xeral de Administración Local, que neste ano, tendo en conta que é un organismo de referencia e ao que o Consorcio se dirixiu para buscar unha solución ante as lagoas que esta disposición legal traía á hora de cambiar de consorcio a mancomunidade, non foi capaz de buscar unha solución solvente e consensuada cos técnicos, para levar a cabo esa transformación ou a creación ex novo dunha mancomunidade.

E tamén, non poden deixar de dicir que é un fracaso absoluto do propio Consorcio, en especial do seu presidente á cabeza, que ten deixado transcorrer un ano sen adoptar unha solución a un problema que, sendo importante, podía ter tido solución sen necesidade de chegar ao momento no que teñen chegado, e ás circunstancias que hoxe lles traen a este pleno.

Como dicía, hoxe tráeselles este problema aquí, bótaselles enriba da mesa, e díselles a Corporación, aos concelleiros, que agora son eles os que teñen que adoptar unha solución, cuns informes contraditorios, nos que uns apoian que o Consorcio é susceptible de ser transformado nunha mancomunidade, e outros din que previamente á constitución dunha nova mancomunidade, ten que disolverse o Consorcio.

Continúa dicindo que o preocupante de todo isto é que, tal e como dixo o Sr. alcalde, se os consorcios non adaptan os seus estatutos segundo eses criterios, desaparecen a 31 de decembro. Esa desaparición o que levaría consigo é que unha serie de contratos vixentes de servizos que se están xestionando dende o Consorcio para todos os concellos, como é en concreto, e quere centrarse nel, o tema da recollida de lixo, podería quedar sen ser atendido. Ou sexa, un servizo que a día 2 de xaneiro, ou día 1 de xaneiro, podería desaparecer sen ter unha base legal axeitada para que

puidera seguirse levando a cabo. É un tema especialmente preocupante e nese sentido non teñen garantías de que a 1 de xaneiro estea resolto.

Como dixo, hai informes técnicos contraditorios, uns que falan de que si é factible o que se presenta nesta proposta do Consorcio, traída posteriormente por unha proposta do alcalde de Cambre, en canto á transformación do Consorcio e a modificación dos seus estatutos para que quede constituído como unha mancomunidade. Outros informes, en concreto o da secretaria do concello, que din que o Consorcio ten que disolverse previamente e posteriormente, unha vez disolto, poñer en marcha o mecanismo para a creación desa mancomunidade.

Di que é un tema de especial importancia e, como dixo, un fracaso na xestión das administracións a todos os niveis. Dende logo, o único que lles vai levar a votar nun sentido ou noutro, vai ser o interese dos veciños, defender e garantir a prestación dos servizos, sobre todo no que é a recollida de lixo.

Nestas circunstancias, con informes contraditorios, o seu voto vai depender da conciencia de cada un dos membros do grupo municipal dos socialistas de Cambre, que terán liberdade cada un deles para votar o que consideren oportuno. Polo tanto, iso é o que van facer.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que se atopan como case sempre ás présas e correndo para aprobar temas tan importantes para eles como é isto.

En principio, gustaríalle que lles dixera aos veciños de Cambre cal é a diferenza entre o consorcio e a mancomunidade, porque habería que empezar por aí, por cal é a diferenza.

Sáltanse os procedementos. Eles, que están elixidos democraticamente polos veciños, saltan os procedementos, e se o Consorcio As Mariñas tamén salta os procedementos, pois mal están para que os veciños confíen neles. Fixéronse moi mal as cousas e agora queren arranxalas facéndoas peor. Dende logo dilles que co seu voto non van contar. Primeiro porque non ven claro o paso dos consorcios ás mancomunidades, non ven claro as funcións concello-mancomunidade-deputación, cre que se duplican funcións, ou polo menos podíanse mellorar esas funcións e, polo tanto, o voto de UxC vai ser en contra.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que coincide co compañeiro do grupo socialista en que este foi un cúmulo total de despropósitos das distintas administracións, tendo como máximo expoñente ao presidente do Consorcio, ao alcalde de Abegondo.

Cre que ninguén pon en dúbida a importancia que teñen os servizos que presta o Consorcio e a propia necesidade de mantelos, iso ninguén o pon en dúbida, con independencia de como se vaia chamar o ente supramunicipal sobre o que están hoxe aquí debatendo. Atópanse cun expediente onde hai un informe en contra da secretaria e tamén outra cuestión, que xa mencionaron os anteriores compañeiros, o que ocorre sempre neste concello, tarde e ás présas. Isto lévase cocendo dende o mes de xuño,

eles tomaron coñecemento o outro día na xunta de voceiros, onte nas comisións e hoxe no pleno, mentres tanto non sabían nada. Non lle estraña que a secretaria informe en contra, claro, e que nin sequera informe dos estatutos que van votar hoxe, porque non se está informando en contra dos estatutos. El cre que non é o mellor exemplo que dá o Concello de Cambre, nin cara ás administracións, nin cara aos veciños, porque cando o Concello de Cambre incumpre coas normativas, mal andan.

Por outra parte o que dicía da falta de comunicación, da falta incluso de transparencia que ten o Consorcio As Mariñas e os seus representantes, cara aos membros das distintas corporacións, e di das distintas corporacións, pero vaise limitar a Cambre. Os concelleiros da oposición de Cambre non teñen coñecemento do que realmente se fala no Consorcio, a pesar de telo contemplado no Regulamento orgánico municipal, onde o Sr. alcalde ten a obriga de trasladarlles os acordos que se adoptan no Consorcio e dos que non teñen nin idea. E agora chegan e en catro días queren que voten e traten un tema desta envergadura. Métenlles, como dicía Augusto, o problema a eles, e logo piden responsabilidade, e seguen coa ameaza de que a partir de xaneiro non se vai recoller o lixo. Dilles que o lixo si se recolle, que como non se vai recoller, pregunta se vai quedar o lixo de todos os concellos da área metropolitana sen recoller. Dilles que iso non llo contan a ninguén.

Conclúe dicindo que eles van actuar con responsabilidade, porque a cabeza pídelles votar en contra neste caso, pero vanse abster.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, concelleiro do BNG, manifesta que o seu voto vai ser un voto contrario a esta proposta, porque entenden que non se atinxe en absoluto a dereito e que pasa por riba dunha serie de cuestións fundamentais. A primeira dende un punto de vista xa non só funcional, senón humano, é o limbo no que deixa aos traballadores actuais do Consorcio, que o van ter moi cru, e el o di nun pleno municipal, moi cru, para seguir desenvolvendo as súas funcións, que maioritariamente desenvolven con gran profesionalidade, cre que iso así o recoñecen multitude de grupos políticos.

Para eles aquí hai unha cuestión que é fundamental, é certo que non hai estudo económico, xa o teñen dito nas comisións previas, e ante un proceso desta envergadura resulta de todo punto impresentable que non exista un estudo económico de detalle sobre que é o que se pretende, sobre o que se vai operar, e sobre que metas se pretenden acadar, pero sobre todo eles o que se basean dende un punto de vista máis político á hora de emitir o seu voto, e xa di que fuxe da cuestión técnica. Por certo, di que a eles dixéronlles agora que no concello veciño de Culleredo non é que haxa un informe contrario da Secretaría, tamén o hai do interventor municipal. En Cambre non se emitiu informe por parte de Intervención, pero ben, a eles parécelles todo total e absolutamente máis que correcto, porque entenden que loxicamente forma parte do prisma e da visión que cada quen poida ter no exercicio lóxico, total e absolutamente respectuoso, das súas funcións.

Pero di que aquí están facendo algo que é total e absolutamente surrealista, están sentando as bases do que debe ser un organismo que vai ter moita importancia na política local da área metropolitana para os vindeiros anos, como o tivo no seu momento o Consorcio, que mal que ben marcou, e di que lle permitan dicilo, unha

xeración política, durante máis dun decenio de actividade. E este proceso está a lideralo o Partido Popular, que é un partido que goberna a día de hoxe en máis gobernos en toda a área metropolitana dos que gobernou nunca, goberna a Xunta con maioría absoluta, goberna a nivel estatal con maioría absoluta, e froito dese goberno é polo que se ven a día de hoxe neste lance, como moi ben dixo o representante do grupo socialista, e goberna tamén con maioría absoluta na cidade da Coruña, e o BNG, o que non vai pasar por alto como se fora a cousa máis normal do mundo, é que viven nunha especie de comarca, que é a única do Estado español onde se fan as cousas sen a cabeceira comarcal, sen a cabeceira da área metropolitana.

Pregunta onde está A Coruña. Para eles iso é algo total e absolutamente fundamental, porque están indo cara ao que vai ser o seu marco de relacións, moi posiblemente, nos próximos cinco, dez, quince, vinte anos, e A Coruña séguese zafando, e iso é un total e absoluto dano que se lle fai a concellos como Cambre. Porque eles van promover o deporte, a cultura, os equipamentos culturais e a salubridade pública, pois só faltaría que non a promoveran, pero A Coruña vai seguir con Emalcsa, A Coruña vai seguir vendéndolles a auga, A Coruña vai seguir controlando todo o proceso da Edar, A Coruña vai seguir facturándolles aos concellos da área metropolitana, e eles van ser meros paganinis.

Iso si, pídenlles ás présas e correndo e en medio do espírito do Nadal, que voten a prol disto que é moi bo, e sempre co mesmo argumento. El xa está cansado, porque a verdade é que es concelleiro da oposición e parece que chegas a casa e o único que fas é comer nenos, porque cando non votas un orzamento non se van sacar subvencións, vai ser terrible, tal e tal, e agora non se sabe que. Di que si home si, que van quedar as sobras do Ano Novo sen recoller, e todas esas cousas por todas as parroquias adiante.

Di que ningún se cre que a empresa concesionaria vaia facer deixamento das súas funcións e quede o lixo sen recoller e, en tal caso, non será culpa dos plenos municipais, senón que será responsabilidade dos reitores en exercicio de responsabilidades de goberno que lles traen a esta situación.

El fai un chamamento dende o BNG, dende unha forza, xa non por ser de esquerdas ou progresistas, senón porque isto non se fixo como se tiña que facer, porque non foi un proceso minimamente participativo. Este é un proceso, estes son uns estatutos, e esta é unha operación de arquitectura política que é a do PP, e a eles parécelles moi ben que ao último de contas o PP a defenda a capa e espada, e pase por riba de informes en contra de absolutamente todo o mundo. Pero o que lles é moi difícil de entender, como forza progresista de esquerdas, é que outras forzas se poñan de perfil, e o din con total e absoluta transparencia, porque entenden que isto é algo que ten unha importancia fundamental e capital para o devir da vida política municipal nos vindeiros anos. Polo tanto, van votar en contra e animan ao voto en contra.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, concelleiro de PdeC, manifesta que el despois do que se comentou aquí, e con independencia dos informes, cre que o que debe de imperar é o sentido común e sobre todo primar o interese de todos os veciños, por iso, o seu voto vai ser o da comisión, a prol.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP, tres concelleiros do PSdeG-PSOE (don Augusto Rey Moreno, don Jesús Bao Bouzas e dona María Luisa Sanjurjo Cacheiro) e os dous concelleiros do GM (PdeC e PGD). Votan en contra os tres concelleiros de UxC e os dous concelleiros do BNG. Abstéñense dous concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Margarita Iglesias Pais e don José Manuel Lemos Seoane) e os dous concelleiros de EU.

A Corporación, por doce votos a prol, cumpríndose coa maioría absoluta do número legal de membros esixida no art. 47.2.g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e artigo 215.3.b) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

2.6. Mocións urxentes en asuntos de competencia de pleno segundo o artigo 22 da Lei 7/1985, que non figuren na orde do día

Este punto non foi utilizado.

Cando son as vinte e unha horas e quince minutos auséntase da sesión don Fernando Caride Suárez, concelleiro do PP.

3. PARTE DECLARATIVA

3.1. Declaracións institucionais

Declaración institucional conxunta da Corporación municipal do Concello de Cambre en defensa do mantemento da actividade da empresa Alcoa Inespal Coruña S.L.

Consta do seguinte teor literal:

“Dentro da UE o maior produtor de aluminio primario que conta cunha capacidade de produción de máis de 500.000 toneladas/ano é España con plantas na Coruña, San Cibrao e Avilés, das que máis de 320.000 prodúcense en Galicia. Esta produción repártese entre as fábricas de Alcoa en Avilés, en San Cibrao e na Coruña. O sector do aluminio en España está especialmente topado, pois non pode repercutir o custo de produción no produto final. O prezo do aluminio fíxase na Bolsa de Metais de Londres (LME), do mesmo xeito que boa parte das materias primas (coque, brea) procedentes do petróleo. Aos produtores de aluminio só lles queda a enerxía eléctrica como a variable para manter o equilibrio na rendibilidade do proceso.

A enerxía eléctrica lévase aproximadamente o 45% dos custos do proceso do aluminio primario. Nos demais países europeos, sobre todo os do norte de Europa (Noruega e Islandia) contra os que temos que competir, están regulando tarifas eléctricas para este sector moi competitivas ligando o seu valor á evolución do LME e con contratos de subministración de ata 40 anos.

No ano 2012 Alcoa dicía que se non tiña un prezo de enerxía competitivo pecharía as súas plantas en España. Naquel entón o Ministerio de Industria regulou o mecanismo de interrumpibilidade para grandes consumidores que funcionou ata hoxe, evitando a

deslocalización da gran industria do país. Recentemente o ministerio modificou esa ferramenta para que a obtención da prima se adxudicase baixo unha poxa en bloques de potencia de 90MW e 5MW. Na súa primeira posta en marcha do 17 ao 19 de novembro, Alcoa foi a gran prexudicada ao obter só tres dos catro bloques de 90MW que necesitaba na fábrica de San Cibrao e ningún para os centros de Avilés e A Coruña.

Amparándose nos resultados desta primeira poxa o pasado 1 de decembro a empresa preavisou ao Comité da apertura dun proceso de despedimento colectivo que se tería que negociar nos seguintes 37 días naturais. Este Comité denunciou este proceso por entender que non se adapta á legalidade actual e está viciado dende un principio. Todo isto, creou unha profunda preocupación e incerteza entre os traballadores e traballadoras desta fábrica.

O sistema de poxa ten grandes deficiencias, permite que accedan empresas nas que o impacto dos custos de enerxía (dentro dos seus custos totais) sexa moi desigual. Todo isto ocasiona que os que teñen os custos enerxéticos con menor impacto teñan vantaxe na poxa. Vaise a dar o caso que a empresa que máis enerxía pode poñer ao servizo da comunidade, ante un corte pola interrumpibilidade, será a que menos perciba por MW. E ademais estamos comprobando que é a que ten máis papeletas para quedarse fóra do sistema.

Na poxa de bloques de 90MW, ao haber máis demanda que oferta (tres bloques menos) vanse a quedar fóra empresas declaradas como gran consumidoras e que necesitan un prezo competitivo para o seu viabilidade, condenándoas de antemán ao máis absoluto desastre e sen posibilidades de sobrevivir durante un ano nesas condicións. Con este novo sistema en menos de cinco anos a gran industria do noso país desaparecería.

Este novo escenario xera moita inestabilidade nas empresas grandes consumidoras ao non ter a certeza dunha subministración eléctrica que garanta os beneficios. Non se acometerán os investimentos máis importantes e necesarios, pois normalmente amortízanse a varios anos. Realizar a poxa a final de ano, supón que non se poidan elaborar os orzamentos para o ano seguinte e tamén perder carteira de clientes por non poder pechar pedidos.

A fábrica da Coruña é unha das mellores do mundo con tecnoloxía Söderberg, por non dicir a mellor. A calidade dos seus produtos ten recoñecemento mais alá das nosas fronteiras, e os clientes demandan en exclusiva o seu produto. É unha fábrica rendible, e as estimacións da empresa para este ano (agosto) eran duns 10 millóns de euros de beneficio cun valor medio do LME baixo.

As súas necesidades como industria gran consumidora seguen sendo as mesmas de sempre. A pleno rendemento a factura mensual da luz (no noso centro de traballo) supera os cinco millóns de euros. Con todos os datos aportados é difícil de entender que o actual sistema poida deixarnos fóra dos incentivos que sempre tivo a nosa industria. De ser así, é que existen grandes fallos que habería que emendar.

Polo exposto, e dada a actual situación de crise económica que estamos a padecer en todos os sectores produtivos do país, e tendo en conta que a perda de actividade industrial en Alcoa suporía unha catástrofe para a economía da nosa comarca, e que desta actividade dependen directamente 400 familias, e quizais miles indirectamente, a Corporación municipal do Concello de Cambre presenta, para a súa aprobación polo Pleno, a seguinte DECLARACIÓN INSTITUCIONAL:

Primeiro: Instar a Alcoa a que concorra a poxa de lotes de interrumpibilidade os días 22 e 23 de decembro, poñendo na mesma todos os medios para a obtención dos lotes de MW necesarios que garantan a actividade produtiva da factoría coruñesa.

Segundo: Instar ao Goberno galego e ao Goberno de España, a cambiar o sistema enerxético do país, para que garanta a viabilidade da industria gran consumidora de enerxía e o mantemento dos postos de traballo.

Terceiro: Instar a Alcoa a retirar o proceso de despedimento colectivo iniciado e manter a actividade produtiva.

Cuarto: Instar ás autoridades laborais a examinar exhaustivamente que o expediente de despedimento colectivo presentado por Alcoa se axuste á legalidade vixente.”

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, manifesta que esta tarde, a iso das seis ou seis e cuarto, tivo a oportunidade de falar cun representante do comité de empresa de Alcoa e confirmoulle que a empresa xa lles comunicara que nos vindeiros días, en canto se confirme polo ministerio o resultado da poxa que houbo estes dous días 22 e 23, retirarán o expediente de regularización de emprego. Polo tanto, o que lle transmiten é que o emprego e a carga de traballo na factoría estará garantida durante o vindeiro ano. A iso el preguntoulles se continuaban coa presentación da declaración e solicitáronlle que si, porque eles o que están pedindo, que é o mesmo tamén que está pedindo a empresa, é unha solución prolongada no tempo, non unha solución á cal teñan que concorrer ano a ano, porque ao final esa poxa o único que garante é o emprego e a subministración de enerxía durante un ano, pero o vindeiro ano, o vindeiro mes de decembro, volverán estar na mesma situación.

Tendo en conta isto, o último dos puntos da declaración queda así un pouco fóra de lugar, porque xa a empresa se comprometeu a retirar o expediente de regulación de emprego, pero si que o resto dos puntos teñen sentido, porque parece de xustiza esixirlles ás administracións e a quen corresponda que tomen as medidas para garantir a supervivencia da escasa industria que por desgraza se ten neste país e particularmente na comarca.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que el non tiña intención de intervir, pero xa que se fixeron este tipo de declaracións, quere dicir que eles xa manifestaron o seu apoio e a súa solidariedade cos traballadores e traballadoras de Alcoa. Pero cre que non soamente vale ás veces a declaración e o apoio institucional, el cre que é moi necesario arroupar aos traballadores tamén na rúa, e cando se convoca unha manifestación o Concello de Cambre tamén debería facer un chamamento a que a xente participe apoiando aos traballadores.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que eles tamén subscriben a moción e a apoian. Simplemente dicir e facer unha consideración, que o que teñen que pedirle ao Goberno de España, é precisamente que todos teñan unha enerxía competitiva, porque agora vén Alcoa facéndolles unha chantaxe, dicíndolles que ou lles dan a enerxía a ese prezo ou senón pecha as plantas en España. Mañá virán outras empresas co mesmo tema e ás grandes empresas igual lles fan o desconto en enerxía eléctrica, pero os pequenos empresarios ou autónomos seguen co mesmo problema. A enerxía competitiva, pero para todos igual, é algo que querían deixar tamén sobre a mesa.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que redundando o que teñen comentado os seus compañeiros, hai que felicitarse porque si é certo que coa poxa deses bloques de enerxía tense garantido o posto de traballo desa xente durante, en principio, un ano. É un triunfo dos traballadores e, dende logo, a eles alégralles e reitéranlles o seu apoio. Evidentemente, os socialistas de Cambre van estar, como están neste caso cos traballadores de Alcoa, pero tamén co problema xerado na Fábrica de Armas da Coruña, que vai deixar na rúa a un colectivo importante de traballadores por un proxecto mal xestionado ou adxudicado, por parte do Goberno do Estado. Nese sentido tamén queren amosar o seu apoio aos traballadores da Fábrica de Armas.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros presentes do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU, os dous concelleiros do BNG e os dous concelleiros do GM (PdeC e PGD).

A Corporación, por unanimidade dos vinte concelleiros presentes na sesión, acordou:

Primeiro: Instar a Alcoa a que concorra a poxa de lotes de interrumpibilidade os días 22 e 23 de decembro, poñendo na mesma todos os medios para a obtención dos lotes de MW necesarios que garantan a actividade produtiva da factoría coruñesa.

Segundo: Instar ao Goberno galego e ao Goberno de España, a cambiar o sistema enerxético do país, para que garanta a viabilidade da industria gran consumidora de enerxía e o mantemento dos postos de traballo.

Terceiro: Instar a Alcoa a retirar o proceso de despedimento colectivo iniciado e manter a actividade produtiva.

3.2. Mocións dos grupos municipais

Moción do grupo municipal de EU sobre o acceso inmediato ao medicamento “Sovaldi” dentro da rede sanitaria pública para o tratamento e curación dos enfermos de hepatite C

Rexistrada de entrada ao núm. 0/10802 o día 18 de decembro de 2104, xunto cos rogos e preguntas presentados para este pleno.

“A hepatite viral é unha das enfermidades máis graves do mundo. Segundo a Organización Mundial da Saúde (OMS) calcula que esta patoloxía mata preto de 1,4 millóns de persoas cada ano. No noso país hai 900.000 doentes de hepatite C, trinta mil atópanse en estado grave e cada día morren once persoas, que en moitos casos poderían terse evitado, por non ter acceso a un medicamento que lles axude a mellorar a enfermidade. Un dos acontecementos máis importantes de saúde pública nos últimos anos foron os grandes avances no tratamento da hepatite crónica C.

A principios de setembro o Ministerio de Sanidade anunciou que se estaba a negociar co laboratorio GILEAD para rebaixar o prezo do medicamento un 40% inferior ao inicial. O custo do tratamento é de aproximadamente uns 60.000 euros e coa rebaixa quedaría en 25.000 euros aproximadamente.

A ex-ministra Ana Mato anunciou que o Ministerio de Sanidade acadou un acordo co laboratorio fabricante do medicamento contra a hepatite C para incluílo na rede pública sanitaria e estaría incorporado o día 1 de outubro. É fundamental o acceso inmediato ao novo medicamento Sovaldi por ser un medicamento de última xeración cunhas taxas de eficacia moi altas ao presentar unha porcentaxe de cura do 95%.

Polo exposto o grupo municipal de Esquerda Unida propón ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Instar ao Goberno do Estado para que, a través do Ministerio de Sanidade, negocie as condicións de financiamento dos tratamentos dos doentes con hepatite C coa industria farmacéutica.

Segundo: Instar ao Goberno da Xunta de Galicia a seguir avanzando nun Plan Nacional contra a hepatite C onde veñan reflectidos protocolos de actuación que recomendan expertos e científicos: vixilancia epidemiolóxica, prevención, detección e diagnose, atención e tratamento, investigación, así como axudas sociais.

Terceiro: Instar ao Goberno da Xunta de Galicia á creación de protocolos clínicos que establezan o acceso aos doentes con fibrose moderada (F2) aos tratamentos aprobados de triplo terapia e ao acceso a tratamentos en uso compasivo aos pacientes con HC que poidan ser subsidiarios do devandito tratamento.”

Concedida a palabra a dona M^a Jesús González Roel, concelleira do PP, manifesta que o seu grupo está de acordo coa moción.

Concedida a palabra a don Jesús Bao Bouzas, concelleiro do PSdeG-PSOE, felicita aos compañeiros de EU por ter traído esta iniciativa a pleno e, como non pode ser doutro modo, o seu voto vai ser favorable.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que se suman á felicitación e o seu voto tamén vai ser a prol.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, concelleiro do BNG, manifesta que eles súmanse a unha dobre felicitación, primeiro pola moción de EU, e

logo compartendo tamén con EU que xa felizmente non sexa ministra de Sanidade, cre que iso tamén é un motivo de satisfacción.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, concelleiro de PdeC, manifesta que o seu voto vai ser a prol.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros presentes do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU, os dous concelleiros do BNG e os dous concelleiros do GM (PdeC e PGD).

A Corporación, por unanimidade dos vinte concelleiros presentes na sesión, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

4. PARTE DE INFORMACIÓN, CONTROL E FISCALIZACIÓN

4.1. Informes do equipo de goberno

Este punto non foi utilizado.

4.2. Rogos

Rogos do PSdeG-PSOE presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 0/10856 o día 19 de decembro de 2014, xunto coas preguntas presentadas para este pleno.

1º O camiño municipal que transcorre entre a urbanización Eira de Arriba, Cambre, e a confluencia coa estrada provincial CP-1704, de Cambre ao Temple é utilizado por moitos vehículos que evitan circular polo centro da vila en momentos de conxestión do tráfico. Este camiño que pasa pola zona da Pena da Nosa Señora foi sinalizado horizontalmente con pintura xa hai uns anos. Transcorrido o tempo as liñas teñen desaparecido o que dá lugar a un incremento da perigosidade, toda vez que os vehículos circulan, a cotío, por ela a gran velocidade.

Por todo o manifestado anteriormente, este grupo:

Solicita se repinte a sinalización horizontal no citado camiño municipal.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, acepta o rogo.

2º Nun percorrido polo noso concello podemos observar como existen parque infantís modernos e en bo estado de uso para os rapaces e outros totalmente abandonados. Un destes últimos é o sito en Lema, no lugar da Pitona. Nel pode apreciarse que está anegado de auga e a vexetación hai tempo que non se corta ou mantén. Como entendemos que non é vontade do Goberno discriminar aos rapaces en función da zona ou parroquia na que viven é polo que este grupo:

Solicita que se faga un mantemento periódico dos parques infantís de todo o concello e, no que se refire en concreto ao da Pitona, se instale un parque novo, colocando uns novos xogos infantís.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, explica que se está elaborando un prego para contratar o mantemento dos parques infantís, porque senón é imposible. De todos modos, ao parque da Pitona van ver se para o mes que vén, cando veña a xente para a brigada, van tratar de facerlle unha pequena mellora, porque, efectivamente, dende o ano pasado, con tanta auga que veu, aquilo está moi mal. A partir do mes que vén, se está chovendo non, pero van tratar de remodelalo.

Dona María Luisa Sanjurjo Cacheiro, concelleira do PSdeG-PSOE, manifesta que realmente ela cre que deben valorar uns e outros. O da Pitona, no estado no que se atopa, xa case está mellor pechado que como está.

3º O paso de peóns existente na parte alta da Tapia, no Seixal, que comunica a beirarrúa á altura do establecemento de Telepizza coa zona do aparcadoiro privado de Alve iluminación, resulta moi perigoso para os veciños que o utilizan. A existencia na medianeira do citado vial de sendas árbores ornamentais impide que os vehículos que suben poidan ver os peóns que intentan atravesalo. Nestas circunstancias xa ten habido sustos que, nalgunha ocasión, poderían rematar nun atropelo, que ninguén desexa.

Por todo iso:

Solicitamos se adopten as medidas oportunas para dotar da visibilidade precisa ao citado paso de peóns.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, di que si, que hai tres árbores alí, ademais moi ramificadas. Nesa mediana, nos pasos que hai ao longo da Tapia, xa nalgúns casos se eliminaron os arbustos que estaban pegados, precisamente porque tapaban, sobre todo polo tema dos nenos e demais. Van velo, ten que falalo cos técnicos e máis coa empresa de mantemento, pero ver de quitar esas árbores e poñer uns arbustos baixos que queden adornando a mediana, pero que non entorpezan a visibilidade, porque efectivamente tapan bastante.

Rogos de EU presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 0/10802 o día 18 de decembro de 2014, xunto coa moción, rogos e preguntas presentados para este pleno.

1º Na sesión ordinaria do pleno do 28 de febreiro aprobouse unha moción do grupo municipal de EU pola que se deberían dar, por parte do Goberno municipal, as ordes oportunas para publicar na web as declaracións de bens e actividades dos membros da Corporación municipal. A aprobación da moción por unanimidade nos termos nos que foi presentada, supoñía que a dita publicación tería que facerse sen máis dilación de acordo co disposto ao respecto no ROM.

Baseándose no anteriormente exposto:

Pregamos se nos informe das xestións realizadas para a publicación das declaracións de bens e actividades dos membros da Corporación, posto que xa pasaron 9 meses e as ditas declaracións son documentos que están en poder da secretaria do concello e temos unha recién estreada páxina web na que ten cabida a dita información.

Don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, explica que precisamente estase facendo ese traballo de deseño da páxina web e en canto a teñan igual que fixeron coa parte das actas, que lles enviaron un enlace para que dixeran se estaban de acordo, en canto as teñan fánllelo chegar para que lles digan se están de acordo. Se o están xa fan a publicación.

Dona M^a Olga Santos López, concelleira de EU, manifesta que como non se cre nada, vaille dicir que ata o de agora foi bastante benévola con este tema, e isto é unha tomadura de pelo con todas as letras. Tomadura de pelo, ademais de mentira tras mentira do alcalde. Como ata agora si é certo que foron bastante benévolos con este tema, chegados a esta altura da película vailles dicir que as excusas, a negativa expresa de publicar e as múltiples discusións que levan tido por esa negativa a publicar os seus bens, a día de hoxe xa cheira a chamusco.

E agora fálalle como veciña, non lle fala como concelleira, e dille que xa non se fía nin un pelo de quen tras tanta insistencia como levan facendo neste salón de plenos, e estar obrigados, insisten, polo Regulamento orgánico municipal, que para outras cousas seguen tan ao pé, e tras falar de transparencia para aquí e para alá, seguen na teima de que agora non é que non o queiran publicar, agora é que din que se está deseñando. Dille que as declaracións de bens teñen cabida perfectamente dende hai moitísimo tempo, igual que se colgan notas todos os días, igual que se colga a felicitación do Nadal en galego-castelán, un idioma así estraño que tamén deberían explicar. Cólganse múltiples informacións a diario, e agora resulta que vaise ver como se colga iso.

Dilles que se podía ter colgado xa, e deberíase ter colgado, e están obrigados a ter colgada esa información. Resulta que ela non se fía, e resulta que ademais deben ter algo que agachar, porque nin eles nin ela son persoas anónimas, nin son Manuel Rivas, nin son Augusto Rey, nin son Óscar García Patiño, nin son Olga Santos, son concelleiros, e el é alcalde de Cambre. Son persoas públicas, están aquí sentados porque queren, ninguén os obrigou, ningún deles supostamente están aquí para facer cartos nin para enriquecerse, pero por algún motivo, e xa di con todas as letras, a día de hoxe coida que escuro, porque senón non ten outro sentido, e baixo a excusa noutros momentos da protección de datos, deciden que os veciños de Cambre non saiban con canto entraron e con canto saen.

Se foran tan transparentes e tan honrados non terían ningún problema en publicar os datos, porque os de EU están publicados, para quen os queira ver, e en canto rematen esta lexislatura van publicar as súas declaracións saíntes. Dilles que iso é transparencia.

No pleno de setembro, que acaban de aprobar hoxe aquí, por unanimidade, e ten aquí a acta, xa lles preguntaron por este tema, e vai ler o que dixo o alcalde ante a

pregunta de falta de publicación das eleccións autonómicas de 2014. Decía o alcalde que era unha mágoa que hoxe a concelleira non vira a páxina web. Con iso intentou calarlle a boca e, como ela non a vira, tivo que calala. Tamén lle decía o Sr. alcalde que todos eses datos que ela pedía estaban colgados na páxina web, ese día, en setembro, e están agora en decembro.

E segue lendo a acta, onde di textualmente que: *“Dona M^a Olga Santos López, concelleira de EU, pregunta se as súas nóminas tamén están.*

O Sr. alcalde contesta que tamén.

A Sra. concelleira pregunta polas declaracións de bens.

O Sr. alcalde dille que non.”

Pero resulta que como unha é xa can vello, como se di na súa terra, hoxe antes de vir para aquí, ás 18:27 horas imprimiu dous pantallazos da páxina web, porque pensou “non vaia ser que me chamen outra vez despistada por non vela”. Dilles que aquí está o pantallazo desa páxina web onde dixo o alcalde en setembro que se tiñan colgado todas as eleccións que faltaban por publicar, e dille que seguen sen estar publicadas a día de hoxe as autonómicas do 2013, nas que se pegaron o trompazo, e insiste no de trompazo.

O Sr. alcalde preguntalle se fala das autonómicas.

Dona M^a Olga Santos López pídelle perdón, que fala das europeas, e falaba nese rogo das europeas, e o Sr. alcalde díxolle que si, e preguntoulle a ela se mirara aquel día a páxina web, e ela díxolle que non, que non a tiña mirado, e el respondeulle que se a tivera mirado tería visto que estaban publicadas. Preguntalle se é que desapareceron ese mesmo día, porque hoxe non están, e por iso o chama mentireiro, e por iso llo demostra con datos.

Tamén lle preguntou nese pleno se as nóminas tamén estaban publicadas, e o alcalde contestou que tamén. Dille que ten o pantallazo e pregunta onde están as nóminas aí, a dela está, a do Sr. Marante tamén, pero onde esta a do Sr. alcalde. Non estaba en setembro e non está agora, volve chamalo mentireiro.

En canto ás declaracións de bens díxolle que non, efectivamente, e hoxe di o Sr. Felipe Andreu que agora van ter o soporte para colgalas. Pregunta cando, en xuño, cando saían de aquí. Agarda que si.

Quixo calarlle a boca, e hoxe non lla cala. Nin está colgado o que tiña que estar, menten descaradamente para que calen a boca, e seguen sen publicar esa información. Pide que lle conteste aos veciños o porqué, e que lle conteste a ela por que lle di nese pleno que si está colgada unha información que non está, e pídelle por favor que conteste expresamente. E se no momento se deu conta de que estaba dicindo algo que non era certo, e que cometera un erro, preguntalle por que non a chamou para dicirlle “mira Olga, díxenche que si, e resulta que non”.

Di que deixan pasar a cousa e déixana ir indo e indo, e van tres anos e medio de lexislatura, e ao parvo e ao parvo pasarán os catro anos e dirán que non lles deu tempo. Pero dilles que a xente non é parva e que se están dando conta de moitas cousas.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicirlle á concelleira de EU que é a última vez neste pleno que fai insinuacións dese tipo, a última vez. Insinuacións de que entraron aquí cunha cousa e saíron con outra, iso dille que o presente no xulgado, que vaia e lle faga unha denuncia de que entrou aquí, roubou cartos e que vai saír con máis patrimonio. Non lle vai permitir, baixo ningún concepto, que o poña en dúbida diante dos veciños, e senón dille que o chame ladrón, que por que non o chama ladrón á cara, igual que o chama mentireiro. Dille que ela non ten respecto nin ao alcalde, nin á institución, en absoluto. El xamais a insultou, xamais, nin a ningún membro desta Corporación lle proferiu un insulto, pero ela, repetidamente, pleno tras pleno, o insulta persoalmente. Dille que é a última vez que llo advirte, a última vez.

Dona M^a Olga Santos López solicita a palabra, xa que é un rogo e entende que pode falar.

O Sr. alcalde dille que tivo xa dúas actuacións, ao cal dende os concelleiros presentes dinlle que intervencións, non actuacións. O Sr. alcalde di que intervencións, que perdoen, dúas intervencións.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, dille que dixo actuacións.

O Sr. alcalde volve pedir perdón e a dicir que se equivocou, intervencións.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López manifesta que ela non lle vai consentir a el que poña palabras na súa boca que ela non dixo, porque no momento en que ela teña un só dato para dicir ou para inducir a algún tipo de manifestación que poida dar lugar a pensar que o Sr. alcalde comete algún tipo de ilegalidade, o grupo de EU automaticamente vai onde ter que ir. Iso punto número un.

Ela dille a el que é un mentireiro, e dillo con todas as letras, porque lle acaba de demostrar, e aquí está a acta, que lle dixo cousas que estaban publicadas e que non están. Pregúntalle se están ou non están, que lle conteste si ou non. Pregúntalle se estaba publicado o que lle dixo que estaba publicado.

O Sr. alcalde dille que si.

A concelleira de EU dille que non, que non señor, e que lle le a acta.

O Sr. alcalde dille que si, e que por iso non lle consente que o volva chamar mentireiro.

Dona M^a Olga Santos López pregúntalle onde están as nóminas, e ante as palabras do voceiro do PP sobre as eleccións europeas, dille que as nóminas, e tamén as eleccións europeas, que ten aquí o pantallazo.

O Sr. alcalde pídelle ao Sr. Andreu que non interveña.

A concelleira de EU di que están as europeas do 2009, que ten aquí o pantallazo, e pregúntalle por que non o quere ver. Non o pon.

Don Felipe Andreu Barallobre contesta que porque se fía do que lle di a persoa que sube os datos.

A concelleira dille que pon 16:22, que ten aquí o pantallazo. E pregunta polas nóminas, que se aí están as nóminas. Si ou non?

O Sr. alcalde contéstalle que non, e que xa está contestada.

Dona M^a Olga Santos López pregúntalle que lle dixo el na acta da Corporación, que estaban ou que non estaban. Dixo que si.

O Sr. alcalde di que non, e que xa a lerá, que non se acorda de memoria.

A concelleira de EU dille que a acta a ten aquí, e pregúntalle se a queren deixar a ela quedar por mentireira cando non o é. Só lle faltaba iso, e iso é o que ela non lle vai consentir a el, e estase alterando porque lle está sentando moi mal que lle diga algo que contradí unha acta que acaban de aprobar por unanimidade, onde figura que o Sr. alcalde di que si, que están publicadas as nóminas, e di que llo volve ler, e que polo menos pida desculpas polo que está dicindo, que é o que ten que facer.

Parécelle fatal que lle estean negando o evidente, cando ten aquí a acta e teno subliñado: "A Sra. concelleira pregunta se as súas nóminas tamén están. O Sr. alcalde contesta que tamén." Pregúntalle que é o que non lle permite, dille que lle pida polo menos desculpas a ela e que pida desculpas aos veciños de Cambre, e que cumpran co Regulamento orgánico municipal.

Neste momento, e ante as palabras entre o voceiro do PP e a concelleira de EU, o Sr. alcalde dille que el cre que ten que ir a unha clase de informática.

Seguen as protestas e o Sr. alcalde engade que, ou sexa, a el non lle consente que diga que ten que ir a unha clase de informática, e ela insinúa que el é un ladrón. Dille que o leve ao terreo que queira, pero que el non o vai consentir. Pregúntalle se acabou co rogo.

A concelleira de EU pregunta reiteradamente se publicaron as nóminas.

O Sr. alcalde dille que si, e que volve repetirlo.

Dona M^a Olga Santos López pregunta onde están, e dille que non, que non están publicadas, que a nómina do alcalde non está publicada, que onde está, que lla ensinen.

Don Felipe Andreu Barallobre dille que tampouco está a súa.

Dona M^a Olga Santos López pregunta que como que non.

Don Felipe Andreu Barallobre insiste en que os seus soldos tamén están publicados.

O Sr. alcalde pide ao seu concelleiro reiteradamente silencio, e volve preguntarlle á Sra. concelleira se terminou coa súa intervención no rogo. Di que pasan ao seguinte rogo.

2º O noso grupo municipal ten recibido múltiples demandas por parte dos veciños do Temple solicitando unha reorganización do sentido da circulación da rúa Estanque de Abaixo. As dimensións da dita rúa, con prazas de aparcamento a ambas marxes fai imposible a ordenación do tráfico en dobre sentido, posto que se dous vehículos se cruzan, un deles ten que retroceder para que o outro circule. Esta situación, fai que os atascos nesta rúa sexan constantes e nalgúns casos con perigo de accidentes.

Este problema de seguridade viaria foi denunciado en dúas ocasións polo noso grupo. Transcorridos máis de dous anos o Goberno de Cambre non ten feito actuación ningunha para dar solución ao problema, ignorando as demandas dos veciños/as e as iniciativas presentadas polo grupo de EU, ante un problema tan grave como a mobilidade é a seguridade das persoas.

Con base no anterior, pregamos que con urxencia se tomen as medidas axeitadas para corrixir a situación denunciada.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, explica que efectivamente hai bastantes reclamacións, demandas dos veciños para resolver ese tema, no concello tamén as tiveron, e agardan que o mes que vén se rematen as obras de Martín Codax e xa se reorganice toda a actuación de sinalización das rúas de todo o contorno.

Vanse modificar as direccións, vai quedar con dirección obrigatoria para abaixo Estanque de Abaixo. A que está agora polo outro lado, por onde estaba a praza Miguel Ángel Blanco, vai quedar dirección para arriba. Martín Codax en dobre dirección, etc. Así por encima, por dicir como vai quedar, pero agardan que no mes que vén quede rematado todo.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que agardan que non tarden tanto, porque a primeira petición que se fixo de remodelación desas rúas foi no ano 2011. O concelleiro dixera que ía pedir un informe técnico, que ía pedir orzamentos, e unha serie de cuestións que non se cumpriron. Volveron reiteralo no 2012, onde lles dixo que había un informe da Policía local polo tema da seguridade viaria, eles solicitaron que se lles entregara ese informe, para ver onde se podía actuar, pero aínda non contan con ese informe, a pesar de pedilo por escrito.

Di que eles queren ter ese informe e saber os sitios, os lugares de Cambre onde a xente pasa máis perigo para cruzar a calzada, sinxelamente é iso, queren sabelo para poder reivindicalo e poder seguir solicitándoo. Xa pediron outra vez máis aquí, neste pleno, que se lles facilitara o informe da Policía local sobre a seguridade viaria no concello.

Conclúe sinalando que, como lles dixo antes, agarda que se remate a remodelación desa rúa, porque é increíble que nunha rúa onde non se poden cruzar dous coches, que se estea aparcado en batería e, por riba, van alí e multan continuamente aos veciños.

3º Vimos de presenciar recentemente a mala nova da redución da axuda, xa de por si minorada polos recortes en dependencia, doutros 55 euros a un neno dependente de Cambre.

Pregamos se nos informe das xestións realizadas polo Goberno municipal de cara a paliar a dita inxustiza.

Dona M^a Jesús González Roel, concelleira de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación, contesta que dende o Goberno de Cambre, que non ten competencias nesta materia, o primeiro que fixeron ao ter coñecemento desa noticia, foi poñerse en contacto coa familia. Non é ao único que lle ocorreu, pero neste caso foi o que saíu en prensa, e ela púxose en contacto directamente coa familia para ofrecer a súa intermediación, para poder acudir a falar coa conselleira ou coa xefa territorial, e niso están. Teñen cita para o día 29 e ela vai acompañalos. Irá ela e outras nais que queiran acudir e que tamén estean nunha situación parecida.

Dona M^a Olga Santos López, concelleira de EU, pregúntalle para que sería a intermediación, se para modificar o grao, pregunta que tipo de intermediación, que tipo de negociación se vai levar a cabo.

Dona M^a Jesús González Roel contesta que ela a negociación que se vai levar a cabo non a sabe, porque isto é unha lei, é o cumprimento dunha lei, e non sabe ata que punto poderán modificar algo ou non. Di que o ve difícil, sinceramente, dende o seu punto de vista, que non ten competencias nesta materia. Non obstante, que as nais poidan transmitir a situación e que se poden prestarlles algún tipo de asesoramento xurídico que llelo dean, para que poidan facer calquera tipo de reclamación. Ela está a apoialos, dende logo.

Conclúe dicindo que no que a ela respecta, como as súas competencias son as municipais, tratará de paliar con outras actividades, como xa o están facendo ata o de agora, complementándoas a nivel municipal, como lle dixo.

Dona M^a Olga Santos López dille que entón realmente van ir de convidados de ferro, porque non teñen ningún tipo de posibilidade.

Neste punto a concelleira de EU interrompe a súa intervención e pedindo perdón pregunta se isto non é un rogo.

O Sr. alcalde dille que ninguén lle dixo nada.

Dona M^a Olga Santos López manifesta que como están vociferando, están así.

O Sr. alcalde dille que aquí ninguén vociferou, simplemente caeulle o teléfono na mesa, ninguén vociferou.

A concelleira de EU preguntalle se entón el dese oído non escoita. Continúa dicindo que entón entende que a concelleira de Cambre comparece como convidado de ferro, posto que a súa competencia non é nada. É máis un apoio moral, un apoio testemuñal, un apoio para a foto, para a galería, que un apoio no que o Concello de Cambre poida facer algo realmente válido, para ese neno e para outros tantos nenos e outros tantos discapacitados. Resulta que falan dunha prestación que inicialmente era de 520 euros, que non sabe por que historia inventada para xustificar o inxustificable dos rangos, de non sei que, de se entra ou sae, que non entra nun tipo que entra no outro, total, que de 520 euros agora mesmo esa familia vai percibir 387 euros. Eses 387 euros é unha cantidade que todos os que están aquí sentados e teñen fillos saben para que chega, ou mellor dito para que non chega.

No seu caso, que afortunadamente non ten fillos con enfermidades, pero sabe o que custa manter un fillo san, non quere nin pensar a situación na que se atopa esa familia. Non quere nin pensar como poden ter que facer cando a situación laboral na casa desa familia tampouco é boa. E resulta que dende que o PP colleu este concello, esta autonomía e este Estado, a ruína dos máis desfavorecidos, como é o caso deste neno, medra e medra, e aquí dise que ben, que non teñen competencias.

Os recortes son para eses casos, son para nenos que necesitan axudas das institucións, axudas económicas, non que se acompañe a ninguén a ningún sitio, porque a calidade de vida dun dependente vaise minorando exponencialmente cando se lle reducen as súas prestacións.

Dilles que eles, xa que están falando nestes termos, e xa que están ... Interrompe a súa intervención para dicir que é un rogo, e que lle permitan, por favor, e continúa dicíndolles que pertencen a un partido de desalmados, a un partido de corruptos, a un partido de desvergonzados, a un partido que desbarata a vida dos dependentes, dos doentes, ...

Intervén o Sr. alcalde para dicirlle á Sra. concelleira que lle roga por favor que saia do salón de plenos. Dille que nin son corruptos, nin son desalmados, nin son nada diso. Di que llo advertiu, e que, por favor, abandone o salón de plenos.

Dona M^a Olga Santos López contesta que encantada de saír por este motivo.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, dille ao Sr. alcalde que antes terá que chamala a orde tres veces.

O Sr. alcalde dille que o perdoe, que non a chama tres veces, que lle roga que por favor abandone o salón de plenos.

Dona M^a Olga Santos López manifesta que sen ningún problema, que compartir un pleno con eles a verdade para ela non ten ningún tipo de....

Cando son as 21:50 horas, auséntanse da sesión os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU e os dous concelleiros do BNG.

A continuación, o Sr. alcalde manifesta que dado que o único que quedaba eran as preguntas do PSdeG-PSOE e EU, entón levantan a sesión e deséxalles felices festas a todos.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte e unha horas e cincuenta e cinco minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria xeral

Manuel Rivas Caridad

Mª Luisa de la Red Ampudia